

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9

SESION EXTRAORDINARIA DO 9 DE ABRIL DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e oito minutos do día nove de abril do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro (con atraso), Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velo Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG,

así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros e concelleiras, iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente, convocada por orde do día do 7 de abril que obra en poder de todos vostedes. Abrimos sesión pública. Constatamos quórum e iniciamos o Pleno.

Ademais do punto primeiro que é un punto de votación e de acordo con consultas ós grupos municipais, agruparemos os debates dos puntos segundo e terceiro coa primeira intervención de 20 minutos, segunda de 10 minutos, terceira e remate do goberno de 5 minutos. Procederemos logo ás votacións dos puntos segundo e terceiro cando remate o debate.

Procedemos coa orde do día.

1.- (61).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

(Está ausente a concelleira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro)

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito, acórdase aprobar a urxencia da sesión.

Sendo as nove horas e quince minutos, incorpórase á sesión a concelleira do Grupo do BNG, Sra. Méndez Piñeiro.

DEBATE CONXUNTO DOS PUNTOS 2 E 3 DA ORDE DO DÍA

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe é un día moi importante para a cidade de Vigo, é un día alegre porque estamos a aprobar o terceiro orzamento seguido na cidade. É a primeira vez na historia de Vigo que un goberno presenta en menos de tres anos tres orzamentos. Este é o terceiro orzamento que presento. Isto non pasou nunca, nin con gobernos dunha soa cor, nin con gobernos de maioría absoluta do Partido Popular, xamais. Nos oito anos nos que estivo a gobernar o Partido Popular só se elaboraron

dous orzamentos e este goberno en menos de tres anos, hoxe presenta para aprobación definitiva o seu terceiro orzamento.

Isto é o que lle doe ó Partido Popular, é do que non quere que se fale por parte do Partido Popular porque estamos diante do terceiro orzamento deste goberno, o terceiro orzamento deste mandato, diante do mellor orzamento que se pode presentar na cidade de Vigo. Por iso crean toda unha serie de marañas, mentiras e falsidades intentando desprestixiar o traballo dos bos profesionais porque o Partido Popular en ningún momento criticou este orzamento, en ningún momento coidou que se puidera sacar un terceiro orzamento, dubidou dende o primeiro día que este goberno fose quen de gobernar, de que fomos quen de facer o primeiro orzamento; dubidou co segundo orzamento, co terceiro novamente volveu dubidar e polo camiño sementando mentiras.

Pero hoxe estamos para falar de orzamentos e como dicía este é o terceiro e nel ratifícanse os obxectivos que presentamos nos outros orzamentos que xa aprobamos nos anos 2008 e 2009. O obxectivo deste goberno é transformar a cidade, Sr. Conde, é cambiar lousas, milleiros e milleiros de lousas repartidas por toda a cidade, dende Teis ata Bouzas, ata a zona de Sampaio; por toda a cidade imos poñer lousas e máis lousas. Ese é o obxectivo deste goberno: transformar a cidade, darlle á xente unha cidade humanizada onde poida camiñar polas beirarrúas que vostedes non fixeron, imos dar ós cidadáns unha cidade nova e transformada onde se constrúan as beirarrúas que vostedes non quixeron construír.

Ese é o orzamento que estamos a presentar aquí, un orzamento moi ambicioso de 250 millóns de euros que vai xerar nesta cidade milleiros de empregos como xa xeramos, xa investimos nesta cidade 250 millóns de euros, xa fixemos 250 rúas e creamos 5.000 empregos. Iso é o que imos facer con este orzamento para o ano 2010. Neste ano se van destinar 16 millóns de euros para humanizacións; para mellorar os parques e zonas verdes que vostedes tiñan completamente abandonados imos investir máis de 4 millóns de euros; tamén en deportes 3 millóns de euros; en comercio 2 millóns e medio; en cultura 2 millóns e medio. En total case un 20% do orzamento está destinado a investimentos para mellorar a cidade e dar un mellor futuro ós seus cidadáns. Vou citar algúns exemplos de cousas que figuran neste orzamento e que o Partido Popular non quere que se digan.

Neste orzamento vai a humanización de Vázquez Varela, da rúa Oporto, da rúa Cangas, Salvaterra, Asturias, Mestre Montes, Aragón, Couto San Honorato, a

beirarrúa de Fragoso e Eugenio Kraft, Martínez Garrido, Ramón Nieto, avenida de Castelao, Genaro de la Fuente, Teis, Gravilla, Severino Cobas, Manuel Álvarez, Gregorio Fernández, queren que siga? Así ata un cento de acción por toda a cidade, en total 50 millóns de euros en humanizacións, en mellorar esta cidade Sr. Conde.

Podería seguir con máis cousas e de todos os departamentos pero para que non se me esqueza ninguén vou ir cara por cara, para que non se me esqueza ningunha actuación en ningunha concellería.

Concellería de Comercio e Casco Vello: Imos seguir apostando polo Casco Vello máis ca nunca se apostou nesta cidade, pola reforma no Mercado do Progreso, polas subvencións ó comercio, pola promoción turística. Pero é que na Concellería da Sra. Méndez vai haber 2 millóns de euros máis en axudas sociais, axudas para as familias, axudas de libros. Vostedes, o Partido Popular, retiraron a gratuidade dos libros de texto e este Concello pon máis axudas para os libros de texto.

Concellería de Deportes, D. Xabier Alonso leva 2 millóns en investimentos en departamentos, máis as subvencións para todas as asociacións deportivas que vostedes non quixeron subvencionar. Iso é o que se vai facer na Concellería de Deportes. Por certo, acaban de concederlle á cidade de Vigo o Premio Nacional do Deporte gracias á actuación de D. Xabier Alonso a quen felicito.

Falo agora de Igualdade, D^a Iolanda Veloso. Sra. Veloso, vostede sabe que na emenda do Partido Popular se retiraba o Plan de Igualdade, sabe que na emenda presentada polo Partido Popular a estes orzamentos eliminaba o Plan no que se defende que as mulleres deben ter igual trato ca os homes. Querían eliminar un plan no que se defende que as mulleres teñamos os mesmos dereitos ca os homes. Eu cando o vin nin o cría nin entendía o por que, pero o mércores, Sra. Veloso, xa o entendín, xa souben por que ó Partido Popular non lle interesa un plan de igualdade.

Cultura, Sr. López Carreira: máis de 2 millóns e medio de euros en Cultura, no auditorio municipal, en toda a programación de actos culturais; máis de 2 millóns de euros de investimento.

Tampouco esquezo Patrimonio Histórico, do Plan de recuperación do patrimonio desta cidade. Xamais se investiu tanto en dar valor ó que é o noso patrimonio, de onde vimos.

Sr. Mariño, o desenvolvemento do Plan Xeral, dese Plan que vostedes tanto deostaron e que está en marcha, que o leva adiante o Sr. Mariño.

Sr. Calviño: todo o programa do transporte público, hai o dobre do que vostedes

tiñan por este concepto. Isto só por citar algo.

Sra. López Atrio, Educación: 2 millóns de euros máis en Educación. En bolsas vai haber un millón de euros cando a Sra. Porro non tiña nin 200.000 euros en bolsas, non se preocupaba do comedor dos nenos ou de se había suficientes bolsas de comedor. D^a Laura López Atrio dobrou as bolsas de comedor e deu bolsas de inglés para que moitos nenos desta cidade teñan as mesmas oportunidades que os que teñen diñeiro para se poder pagar unha estancia en Inglaterra e perfeccionar o seu inglés. Iso estase a facer dende a Concellería de Educación.

A Concellería de Distritos, Sr. Rivas. Canto se criticou que non chegara o AVE? Canto se dixo que non ía existir AVE, auditorio, que non ía existir unha reforma do aeroporto? Que ocorre agora? Que o aeroporto se está reformando, que se está facendo a estación provisional do AVE e que o auditorio está en marcha, sen embargo cantas mentiras se dixeron dende a oposición.

Sr. Rodríguez Díaz, concelleiro de Emprego: 3 millóns de euros para Promoción Económica e Emprego, o dobre do que tiña o anterior goberno, programas de emprego que nestes momentos xa están en marcha para lle dar traballo á xente desta cidade.

Medio Ambiente, D^a M^a Jesús Lago: Recuperación do Lagares entre outras moitas cousas, aquelas pontes que vostedes tiñan completamente abandonadas estanse a cambiar e se van cambiar máis porque figura aquí no orzamento.

A Sra. Abelairas: 16 millóns de euros en humanizacións, 250 rúas xa reformadas e case un cento que se van reformar este ano. É o maior investimento en rúas desta cidade.

O concelleiro de Xestión Municipal, Sr. López Font, quen entre outras actividades está a facer a modernización administrativa desta Casa, por fin se está modernizando esta Casa, á parte doutras magníficas xestións en persoal.

Isto é o que está a facer este goberno e é o que aparece no orzamento de 2010 e isto é do que non quere que se fale o Partido Popular. Non quere que se saiba todo isto, que se saiba que hai case 5 millóns para investir en parques infantís para nenos, non quere que se fale de que se van cambiar cen rúas, nin de todas as subvencións que vai haber, o maior aumento de subvencións da historia da cidade de Vigo. Saben o que son as subvencións? Son axudas á xente para mercar libros, de comedor, de asistencia domiciliaria, para o comercio, para os clubs deportivos, ás asociacións veciñais e culturais; iso aumenta o dobre do que tiña o Partido Popular.

Todo isto é o que lle doe ó Partido Popular, que hoxe traemos o compromiso dun orzamento de 250 millóns de euros para a cidade, pero tamén que á parte dese vai outro compromiso de que imos seguir tendo orzamento no ano 2011 e 2012, iso aínda lles doe máis porque senón non se entenden algunhas cousas. Realizamos tres orzamentos durante estes tres anos de goberno e malia que vostedes segan mentindo e metendo xoio, no ano 2011 e no 2012 vai haber orzamento porque iso é o que se trae no Plan Económico-Financeiro.

Iso é o que lle doe ó Partido Popular e por iso inventa toda unha maraña de mentiras e calumnias e desprestixia o traballo porque había que desprestixialo e non sabían como dicir que non quere que se segan investindo millóns e millóns de euros na cidade. O que se di nese Plan Económico Financeiro é que nos próximos anos se van investir cen millóns de euros na cidade, ese Plan é un compromiso de que imos seguir elaborando orzamentos e de que imos seguir investindo nesta cidade, de que imos seguir reformándoa, de que imos seguir con máis e máis humanizacións por toda a cidade. Pero tamén o compromiso de austeridade no gasto público. O que tamén se presenta nese Plan Económico-Financeiro é que imos reter o gasto público pero tamén imos seguir apostando polo gasto social, en educación, en cultura, en deportes e polo gasto en medio ambiente. Todo iso é o que se di no Plan Económico-Financeiro.

Dixo algunha palabra sobre isto o Partido Popular? Non, non dixo absolutamente nada, non dixo que un dos compromisos que hai no Plan Económico-Financeiro é que non vai haber subida de impostos e iso aparece recollido nel. Igual que non houbo subida este ano e todos os cidadáns de Vigo agora se decatan de que o Partido Popular lles mentiu porque cando lles chegou o imposto de circulación ven que é máis baixo que o do ano pasado e cando lles chega o recibo da auga ven que é máis baixo que o do ano pasado, cando pagan as taxas de matrícula das Escolas de deportes ven que se paga menos e cando van á Escola de Música ven que se paga menos polas actividades musicais. Como iso está recollido tamén no PEF non o quere dicir e por suposto que non o di, en troques di mentiras e falsidades.

O compromiso deste goberno é non facer o que fan os concellos onde goberna o Partido Popular, o que se fai en concellos como Madrid ou Málaga onde si están a subir os impostos. Ese é o compromiso deste goberno e está reflectido no Plan económico-financeiro que parece que por fin onte leu o Sr. Conde e nel aparece recollido que non vai haber subida de impostos. É un traballo feito por un profesional

que fixo máis dun cento de plans económico-financeiros, esa persoa á que se criticou duramente dirixiu e coordinou máis dun cento de plans económico-financeiros. Eu retei ó Sr. Conde a que me presentara aquí a un profesional que fixera algo semellante, a que me trouxese o currículum de alguén que fixera algo semellante porque eu si que teño aquí o currículum desta persoa e ten dezanove páxinas con toda a súa actividade profesional dende hai vinte anos. Ría, Sr. Conde, porque xa lle gustaría a vostede ter un currículum de vinte páxinas.

Neste Plan económico-financeiro demóstrase que a través dunha boa xestión dos recursos públicos é posible investir na cidade, dar servizos ós cidadáns sen que teñan que pagar un euro máis. Iso é o que se recolle no Plan económico-financeiro, que hai unha xestión dos recursos públicos que lles dá ós cidadáns os servizos públicos que precisan sen pagar nin un só euro máis por eses servizos e polos cen millóns de euros de investimento que tamén se van dar.

É completamente falso que o endebedamento do Concello dentro de tres anos sexa 60 millóns de euros superior ó deste ano. Unha de dúas: ou o Sr. Conde mente unha vez máis ou está demostrando que nin sabe sumar, nin sabe ler porque iso non figura no Plan económico-financeiro, non é o que di. Di todo o contrario, di que o aumento do endebedamento ó final do plan é cero. Precisamente hoxe sae publicado que Vigo é o Concello menos endebedado de España, xunto con Bilbao, Vigo aparece en segundo lugar e iso é porque nestes dous anos e medio que levamos de goberno reducimos o endebedamento que nos deixou o Partido Popular á metade e por iso os datos que se publican hoxe din que o Concello de Vigo é dos menos endebedados de España.

A débeda *per cápita* en Vigo é de 127 euros. Para lle dar sinxelamente un dato comparativo a débeda de Madrid é de 2.109. Este dato é para que se vexa a diferenza e se vexa onde está o Concello de Vigo nestes momentos. Tamén repito que é absolutamente falso que se vaia aumentar o endebedamento deste Concello en 60 millóns polo que ou o Sr. Conde mente ou non sabe nin ler nin sumar porque en ningún sitio do PEF aparecen eses 60 millóns, non sei de onde os sacan porque non existe ese aumento. O endebedamento ó remate do plan, que para iso é un plan, é cero. Non hai máis endebedamento.

O que ocorre é que non queren que se saiba que realmente o aumento do endebedamento é cero, que imos investir cen millóns de euros nos próximos tres meses, que isto non vai supoñer nin un só euro de carga máis para os cidadáns

senón o contrario. Todo iso é o que o Partido Popular non admite.

O que realmente está no fondo é que o Partido Popular non quere que este goberno traballe para a cidade, estiveron boicoteando durante estes tres anos, mentindo, dicindo que se non facemos orzamento, que se imos romper, que ó Sr. Domínguez non o necesitamos para nada... Iso é o que estiveron facendo durante todos estes anos e hoxe que se demostra que somos un goberno sólido e estable e que traemos un terceiro orzamento pero tamén o compromiso dun cuarto e dun quinto, non o soportan e entón é cando recorren á mentira e á falacia.

Finalizar cun agradecemento a todos os técnicos e a todas as persoas que elaboraron tanto o Plan económico-financeiro como o orzamento, o agradecemento ós concelleiros pola súa colaboración para facer estes orzamentos e o maior agradecemento ó alcalde por me nomear hai tres anos concelleira de Facenda e por me permitir traer hoxe o terceiro orzamento e o Plan económico-financeiro co compromiso do cuarto e do quinto.

Durante o curso da intervención da Sra. Díaz Vázquez, o concelleiro do Grupo Popular Sr. Conde Gil dirixiuse á Sra. Díaz coa cualificación de "listilla". A devandita intervención do Sr. Conde Gil foi perfectamente audible no salón de Plenos aínda que non quedou gravada por ter sido feita co micrófono pechado.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de comezar a miña intervención quereda requirirle ó Alcalde-Presidente unha cuestión de orde. O cualificativo de "listilla" cara unha compañeira de Corporación é un cualificativo absolutamente machista e que o BNG non vai permitir. Quero anunciarlle que como volva ocorrer algo deste cariz o Bloque Nacionalista Galego abandonará o Pleno.

Hai tempo que eu veño dicindo nestes debates que os orzamentos son sen ningunha dúbida o documento político máis importante que se pode traer nunha lexislatura, é o documento no que se reflicten de xeito xa claro e contundente as liñas políticas dun goberno ou daquelas forzas políticas que compoñen un determinado goberno. Atrás quedan as palabras, as promesas de cada quen e as mensaxes, o que se plasma nun orzamento non son nada máis que as realidades do que un goberno quere facer. O que non está nun orzamento non existe e isto sábeo toda a cidadanía, xa podemos dicir moitas cousas pero como non estean no orzamento non existen, non son reais. Polo tanto os cidadáns nos cualifican precisamente polas políticas que

facemos e non polo que dicimos, fundamentalmente cando nos avalían é polas políticas que facemos e ogallá o fagan así todos e todas. Esas políticas están plasmadas neste documento, o máis importante que unha corporación municipal pode aprobar nunha lexislatura.

Efectivamente levamos tres anos de goberno e tres orzamentos e iso resúmese en dúas palabras: estabilidade e normalidade na acción dun goberno. Un goberno que é quen de aprobar ano tras ano os seus orzamentos é un goberno estable. Ademais aproba os seus orzamentos sen ningún tipo de discusión, tentando plasmar cada forza política as súas políticas e os obxectivos polos que se presentaron a unhas eleccións pero sen ningunha discusión. Estabilidade e normalidade. Estas dúas palabras resumen, segundo a miña humilde opinión, o que está a pasar na acción do goberno desta cidade e senón é así, se iso non resume a estabilidade dun goberno, que lle pregunten por exemplo a un goberno que tivo esta cidade con quince concelleiros, con maioría absoluta, que tiña quince votos para sacar todos os orzamentos que quixera e non foi quen de sacar máis que dous. Aínda que fose dunha soa cor non se pode cualificar de estabilidade e de normalidade. Este goberno é estable, actúa con toda a normalidade e a proba non é o que digo eu nin o que diga a Sra. Díaz, a proba disto está nos orzamentos.

Polo tanto estes son uns orzamentos do goberno, pero o son de dúas forzas políticas distintas que hai tres anos nos unimos nun pacto de goberno polo ben da cidade e que, malia seren forzas políticas distintas, mantemos esa unidade porque poñemos por riba das nosas diferencias políticas, que as hai, o ben desta cidade. A min aquí gustaríame que o Partido Popular fixera o mesmo, que puxera por riba das diferencias políticas con este goberno o ben da cidade e aínda que a crítica da oposición é necesaria, a colaboración e a posta enriba da mesa de alternativas é tamén necesaria porque dentro dun ano cando teñamos novas eleccións non só o goberno vai ter que render contas, senón que a oposición tamén vai ter que render contas ós seus cidadáns e o que lle van pedir é que digan e que poñan enriba da mesa as alternativas que fixeron ó documento máis importante que presentou o goberno, os seus presupostos alternativos que non os houbo, polo menos nestes dous exercicios anteriores.

Empezarei cualificando estes orzamentos como de esquerda, dígoo así de claro porque no Bloque Nacionalista Galego non nos avergoñamos de seren de esquerdas. Creo que son de esquerdas, entre outras cousas porque a cidadanía quixo que nesta

cidade houbera unha maioría natural de esquerdas co Partido Socialista e cos nacionalistas. Digo que estes son uns orzamentos de esquerda porque unha política de esquerda leva consigo unha serie de liñas moi claras e diferentes do que son as políticas de dereitas.

Por exemplo, unha política de esquerda aposta sempre pola igualdade de oportunidades para todos e todas e este goberno e estes orzamentos así o reflicten. Nestes orzamentos hai políticas de atención ás clases máis populares, auméntase a cobertura social na atención directa ás familias e ás persoas en risco social, elabóranse políticas de igualdade para as mulleres, programas e políticas para os discapacitados, para os nosos mozos e mozas, para os nosos maiores, para os emigrantes e en definitiva para os traballadores e traballadoras desta cidade.

É un orzamento de esquerdas porque nunha política de esquerdas dáse unha condición fundamental que é a distribución por igual da riqueza. Estes orzamentos distribúen tamén por igual a riqueza xerada cos cartos de todos os vigueses e viguesas porque axudan ó mediano e pequeno comercio, crean redes sociais, culturais, deportivas e de igualdade para todos e todas, porque crean emprego a través dunha política tamén de investimentos municipais para que todos poidamos avanzar e non só uns poucos.

É un orzamento de esquerdas porque outra das liñas fundamentais da esquerda é o equilibrio territorial, o reparto da riqueza territorialmente e nestes orzamentos con este goberno actúase en toda a cidade e non só no centro, descentralizando servizos sociais e atención cidadá nos barrios e nas parroquias, achegando o deporte, a cultura e o ensino a todos os nosos barrios e parroquias, investindo nas necesidades básicas que aumentan a calidade de vida dos veciños e veciñas.

É un orzamento de esquerda porque a esquerda sempre aposta pola modernidade e polo progresismo e nestes orzamentos e nesta acción de goberno hai modernidade e progresismo, establecendo unha verdadeira e profunda transformación da nosa cidade, enarborando a bandeira da promoción de Vigo como elemento de investimento produtivo para reforzar os nosos sectores económicos e sendo pioneiros na posta en marcha de novos servizos tecnolóxicos ó alcance de todos e todas.

Estes son uns orzamentos de esquerda porque outra das cousas que caracteriza á esquerda é o coidado do noso legado máis próximo, da nosa historia e nestes orzamentos e na nosa práctica de goberno estamos poñendo en valor o noso patrimonio histórico para que todos os vigueses e viguesas poidan gozar del,

estamos a recuperar o noso Casco Vello como elemento singular tamén da nosa propia historia, apostando pola nosa lingua para que a cidadanía acade a competencia lingüística precisa, para que o noso tesouro, a nosa única lingua sega viva e vivindo.

En definitiva quero cualificar estes orzamentos como orzamentos de esquerda porque é a maioría nacionalista de esquerda a que hoxe está gobernando porque así o quixeron os cidadáns. Pero iso si, están feitos dende as liñas da esquerda porque a política de esquerdas, a diferenza da de dereitas, beneficia a todos e todas, tamén ós votantes de dereitas. Este é un orzamento para traballar para a xente, ten o obxectivo común de traballar para toda a xente, para os que votaron a este goberno e os que non porque loxicamente ese é o noso deber. Con este orzamento os traballadores e traballadoras, o pequeno e mediano comercio e as clases máis desfavorecidas da nosa cidade van ter un resorte na súa administración para aguantar mellor a crise actual.

Hai tres anos que levamos gobernando e hai tres anos que levamos presentando estes orzamentos e aí está a evolución da cidade nestes tres anos, a evolución das clases máis populares nestes tres anos e a evolución das infraestruturas, dos investimentos, do noso patrimonio, do noso ensino, do noso deporte en tres anos. A evolución nestes tres anos da oposición foi cero, cero e cero en canto a colaborar no ben desta cidade, en canto a aplaudir a esta cidade, non a este goberno.

Agardamos que nesta aprobación definitiva dos orzamentos si nos poñan alternativas enriba da mesa. Eu deséxoo pero moito dubido que non o van facer porque lles quero lembrar ós señores do Partido Popular que no Pleno de aprobación inicial no que presentaron a presa e correndo unhas emendas, fíxoselles un ofrecemento, ofrecémoslle non as votar senón deixalas para as poder estudar máis polo miúdo e o Partido Popular dixo que non e por iso nin as puidemos estudar. As actas dos Plenos corroboran o que a acabo de dicir. Isto fixérono porque cando non hai alternativas o máis fácil é a crítica.

Dentro dun ano os cidadáns vannos xulgar, avaliar e ditaminar que é o que cada quen fixo e como o consideraron e iso é o máis fermoso que ten a democracia.

Eu agora teño que falar polo Bloque Nacionalista Galego porque son o seu representante neste goberno e teño que dicir que como forza política sentímonos moi satisfeitos porque para nós o compromiso que hai tres anos, eu como candidato á Alcaldía e o Grupo municipal do BNG adquirimos, para nós é sagrado e dentro dun

ano nos volveremos presentar ás eleccións, imos pedirlle o voto ós vigueses e viguesas e explicarémolles que é o que fixemos disto porque é o máis importante, o compromiso, o contrato que un adquire cando lle pide o máis valioso a un cidadán para os políticos que é o seu voto. Eses contratos hainos que cumprir.

Podo dicir que nestes tres anos tanto na normalización da nosa lingua, na promoción da nosa cultura e do noso patrimonio, no pulo da descentralización dos servizos sociais, na ampliación dos orzamentos en servizos sociais, o pulo ó plan de melloras e axudas para a autonomía persoal das persoas, no Plan de servizos sociais, na posta en marcha dun novo Plan de igualdade, nun novo Plan contra a violencia de xénero... Estou enumerando promesas, compromisos coa cidadanía.

Respostas ás demandas prioritarias da mocidade, aumento das infraestruturas necesarias para a mocidade, mellora do servizo de información de emprego xuvenil, incremento da oferta cultural cara á mocidade, axudas e modernización do pequeno e mediano comercio, creación do Convention Bureau, creación dun Plan de competitividade turístico, promoción de Vigo como cidade de grandes eventos deportivos, apoio e aumento dos orzamentos para o deporte de base, axuda ós clubs deportivos, posta en marcha dun ambicioso plan de infraestruturas deportivas, recuperación e revitalización do noso Casco Vello.

Estas eran as liñas fundamentais coas que o Bloque Nacionalista Galego se presentou hai tres anos ás eleccións municipais. Como representante do meu Grupo municipal teño que dicir que me atopo moi satisfeito e contento co traballo desenvolvido polos meus compañeiros e compañeiras porque o 90% deste programa electoral a tres anos está cumprido.

Pero non imos parar porque teremos que seguir avanzando en facer unha cidade que se queira máis a si mesma, onde a participación democrática e a implicación da propia cidadanía na acción do goberno sexa un obxectivo real a acadar, porque temos que seguir traballando para a xente desta cidade sen nos importar a súa cor política porque todos e todas somos vigueses e viguesas e un goberno que se prece ten que traballar para a xente, pero iso si, dende unha óptica de esquerdas que significa para todos e para todas.

SR. CONDE GIL: Comezarei polo principio que é que todos estamos de acordo en algo; en que hoxe é un Pleno importante porque os orzamentos son moi importantes pero non é un día alegre para a cidade, Sra. Díaz, porque presentar tres orzamentos, facer

o que fixo vostede aquí esta mañá non significa que sexa un día alegre. A verdade é que houbo un momento no que me confundín, non sabía se estaba na aprobación inicial do orzamento ou na definitiva porque vostede se dedicou en primeiro lugar a dirixirse persoalmente a min e non ó Grupo municipal. Agradézolle que me teña en tanta estima. Logo porque fixo vostede todo un relatorio das cousas que din que van facer pero cala cousas moi importantes. Do Plan económico-financeiro e do seu amigo, como vostede o cualificou, xa falaremos máis adiante. Di vostede que é un orzamento serio, rigoroso, que o presentan porque están de acordo nel... Hai cousas curiosas. Se este orzamento corríxese e sae adiante e gracias ó Partido Popular. Si, digo ben porque vostedes no acordo de aprobación inicial esqueceron que gracias á enorme xestión de gobernos socialistas en Vigo existían unha serie de indemnizacións por mor de actuacións urbanísticas, neste caso dúas: a Unidade de Miraflores e Nebrija, que necesitaban seren incluídas nestes orzamentos. Iso foi gracias ó labor do Partido Popular. Falou dunha transformación pero, onde está esa transformación que nos anunciou? Dedicouse a facer un relatorio de humanizacións de rúas, de xerar emprego..., pero ese emprego non se ve por ningures. O hoxe alcalde de Vigo que daquela era candidato á Alcaldía dicía: "O paro será historia. Colgarei o cartel de pleno emprego, obxectivo irrenunciable, na porta do Concello". Os feitos son obstinados, Sra. Díaz, ademais os datos din o contrario en prexuízo dos vigueses e das viguesas e atopámonos hoxe con que na cidade de Vigo hai 29.000 parados, un 60% máis que os que había cando gobernaba o Partido Popular. Xa lle dixen na aprobación inicial e repítoo hoxe por se daquela non se decatou e non é que dubide da súa intelixencia como vostede fai da miña, pero igual a memoria fállalle. Hai un 63% máis de parados na cidade e pode vostede cambiar todas as lousas e facer todas as transformacións de rúas que queira que para o que van valer é para que paseen os parados. Que políticas activas de emprego están realizando? Tiveron unha oportunidade histórica co Plan E pero a desperdiciaron, nas obras do Plan E só se contrataron 370 desempregados. Eu invítoa a que vaia unha mañá á Praza de España e vexa as furgonetas que veñen do país veciño que traen ós traballadores porque por riba non eran traballadores de Vigo e en moitos casos nin o era o material. O caso é que con 11.000 parados máis temos tantos parados como as cidades da Coruña e Ourense xuntas. Coido que este é un dato que polo menos lle debería preocupar. Xa dixen no seu día que de seren eu alcalde da cidade non

durmiría tranquilo pensando que hai 11.209 parados máis que cando collín as rendas do goberno da cidade. Dende logo que a min me quitaría o sono.

Logo se dedicou a facer todo un discurso pero, onde están todas estas cousas que dixo? Comezou a relatar os feitos de compañeiro tras compañeiro, dixo que co anterior goberno non se fixera nada no Casco Vello. Como pode mentir dese xeito tan descarado, Sra. Díaz? Non ve como ó final vou ter eu razón cando dicía que ten vostede un pouco de falla de memoria? Quen puxo en marcha o Consorcio do Casco Vello? Quen fixo un convenio para achegar 30 millóns de euros para a rehabilitación do Casco Vello? Iso é non facer nada? Quen puxo en marcha o pazo de congresos e exposicións que tamén está na zona limítrofe do Casco Vello? Foron vostedes? Onde está todo iso?.

Dixo tamén que dedicaron dous millóns a axudas sociais. Sabe vostede que cada día hai máis pobres? Que hai máis de 8.000 familias en Vigo que teñen todos os seus membros no paro? Vostede non o debe saber pero nós si porque nos vota tanto o universitario como o obreiro, vótanos tanto unha persoa con formación como unha que non a ten. Non se pode facer a demagogia que fai vostede. Ademais oféndese, acúsame de determinadas cousas cando está a dicir que eu non sei ler ou calcular, non sei como se chama iso, á parte de insultar ós meus compañeiros que aínda non pediu desculpas por un Pleno anterior e agora insiste no tema. A iso é ó que se dedica vostede, a facer demagogia.

Se vemos onde están as garderías, os centros de día, a Carta de Municipalidade, onde o AVE “no 2012” que pertencía ó pacto de goberno. E como iso moitas outras cousas: onde está o bosque de grúas, as 6.000 vivendas que logo foron 12.000? A biblioteca? O da biblioteca xa é kafkiano, ata xa me produce rubor alleo porque hoxe dicimos que está aquí, mañá trasladámola alí, logo nos atrevemos a dicir que a imos poñer na casa de outro e o único que hai son as maquetas que hai abaixo que iso gusta moito, se quere lle fago unha foto ó carón das maquetas e enmárcoa.

Écheselle a boca aquí falando de emprego pero, como pode ter o descaro con 11.000 parados máis na cidade de falar de emprego? Que plans de emprego hai na cidade se só se destina un 1,2% do orzamento a emprego e dedica vostede máis a parques e xardíns, ás flores que tanto criticaron e que agora se dedican a poñer por toda a cidade? Que conste que eu non estou en contra das flores que polo menos nos alegran a vista. Pero como poden ter ese descaro se dedica máis á súa concellería? Claro que como di o refrán “quen parte e reparte leva a mellor parte” e tamén di un

que “*disculpa non petita, acusatio manifesta*” e xa falaremos das desculpas que deu vostede aquí.

O que está claro é que os deberes non se fixeron. Como lembraba o Sr. Domínguez Olveira queda un ano. O do Sr. Domínguez Olveira soaba mesmo a despedida, non sei se nos ten que anunciar algo pero soaba a resume dos seus feitos e milagres, dixo que o BNG se ía presentar ás eleccións, non falou del, non sabemos o que vai pasar nin nos importa, é un problema do BNG pero, como pode vostede vir aquí dicir todas estas cousas?

Cando presentou aquí un proxecto de orzamento para aprobación inicial lembro perfectamente que eu dixen que había dúas sentenzas que habería que incluír e o Sr. Alcalde o primeiro que fixo foi mirar cara á dereita e á esquerda porque non sabía de que estaba a falar porque vostede non o informou de que estaba este tema. Presentamos un informe, abrimos este tema e vimos que existen diverxencias nos informes sobre o modo de facer fronte a estas sentenzas que son firmes e que hai que pagar. Pídlle que lea os informes e se ten algunha dificultade, dada a miña condición de xurista, axúdlle a interpretar os artigos das leis que veñen aquí, non teño ningunha dificultade. Lea o artigo 5 do Texto refundido da Lei de facendas locais.

Que presenten unha valoración técnica do patrimonio público do solo como a que presentan, igual que puxeron 13 poderían poñer 27. Paréceme pouco serio que coa que está caendo vostedes se desvíen dese xeito.

Vostede aquí non falou do que vimos falar, da aprobación definitiva, das alegacións. Léolles os xornais de hoxe xa que vostede tamén o fixo co da débeda da que logo tamén falaremos porque coido que aínda teño algo de tempo. “Por primeira vez dende hai vinte anos non figura unha partida específica para as asociacións de veciños”. Dende hai vinte anos quixéronse cargar vostedes á Federación veciñal que presenta unha alegación ó orzamento pola que solicita que se lle volva recoñecer a subvención que tiña no seu día, pero vostedes o que fixeron foi desestimala e aínda por riba, como son tan demócratas, lle impiden intervir neste Pleno que xa o pediron hai bastante tempo, como lle impediron entrar no seu día ós veciños na aprobación do Plan Xeral. Ese é o progresismo, a esquerda e a participación, dá gusto. Que outras institucións que solicitaron con posterioridade a intervención pasen por diante de alguén que o fixo con anterioridade e ademais mentindo neste Pleno porque quero lembrar que nun dos últimos plenos, non sei se foi no mes de febreiro, dixeron

que as intervencións se ían facer por orde de entrada da solicitude no Rexistro. O Bloque, tan participativo, deu as costas a todo isto e os veciños non poden intervir pero iso si, interveñen outros colectivos por pura oportunidade política. A iso se lle chama manipulación, Sra. Díaz.

Estou contento en canto ás alegacións porque polo menos me estiman unha que fago con outras persoas e que se refire ó tema das sentenzas, pero é curioso que debido ás actuacións do Partido Socialista en anteriores gobernos municipais a cidade de Vigo leva un saldo en contra de máis de 14 millóns de euros en sentenzas e tradúzao vostede a pesetas xa que sabe multiplicar tan ben porque a min a verdade é que agora non me apetece. Pagamos as sentenzas urbanísticas dos gobernos socialistas, pagamos os prexuízos que vostedes lle ocasionaron á cidade de Vigo. Iso é o que estamos a facer.

Agora entrarei superficialmente no Plan económico-financeiro, nesta primeira intervención tampouco quero falar moito do tema porque me produce rubor. Que vostede lle diga a un amigo que faga unha empresa para lle encargan uns informes... Logo falaremos diso e fareille algún apunte.

A verdade é que vostedes mentíronlle ó Pleno da Corporación e mire que iso é grave, polo tanto lles mentiron ós vigueses e viguesas. Vostede mentiu porque na aprobación inicial, no escenario de endebedamento para os próximos tres anos no 2010 veñen 27 millóns de euros, no 2011 cero euros, préstamo 2012 cero euros; total 27 millóns de euros. Ese era o escenario de endebedamento para os próximos tres anos. Pero velaquí que na aprobación definitiva co Plan económico-financeiro atópome coa seguinte sorpresa: Préstamo 2010, 27 millóns de euros, pero aparecen outros dous novos préstamos que vostede obviou no seu día. Se iso non é faltar á verdade con intención de enganar dígame como o define vostede no ámbito universitario. No meu e no da xente chaira chamámolo mentir, faltar á verdade.

No ano 2011 veñen outros 27 millóns de euros, no 2012 veñen 11.900.000 euros. Segundo vostede me dixo antes eu non sei sumar pero esta persoa que fai este informe con grande autoridade di que 27 millóns de euros, máis 27 millóns de euros, máis 11.900.000 euros son 54 millóns de euros. Que eu saiba son 65.900.000 euros. Isto é só o principio porque van vostedes incrementar a débeda municipal un 150%, en case 66 millóns máis porque se temos 43 e van pedir en tres anos 65.900.000 euros, faga os cálculos como os fixemos nós. Están vostedes comendo a herdanza.

Acusáronnos aquí de non facer orzamentos pero sexa rigorosa porque sen

orçamento, cun só orzamento no ano 2005 como di vostede, pero con imaxinación, traballo e tesón de dez concelleiros se lle deixou á cidade de Vigo un Consorcio do Casco Vello con 30 millóns de euros, 6 aparcadoiros, 3 piscinas -dúas a realizar e unha para inaugurar- e un pazo de congresos, á parte de todo o tema do mobiliario urbano que vostedes criticaron e do que xa houbo aquí no seu día un debate. Agora asumen todo isto como propio. É máis, as fórmulas que se empregan para realizar este tipo de contratacións logo as critican para outras cousas porque vostedes non queren que Vigo teña determinadas cousas.

O Sr. Domínguez Olveira dicía que presentáramos precipitadamente no Pleno unhas alegacións. É mentira, é falso porque se nos obrigou a presentar no Pleno esas alegacións, díxeráse que legalmente era mellor facelo así e o Alcalde dixo que se deixaría para estudo, que se falaría no próximo Pleno. Pero non falon e senón que a secretaría lea a acta e que me desminta porque non falon e quedouse en estudar para este Pleno esas alegacións que veñen por mor da responsabilidade do meu Grupo para coa cidade, cousa que non fan vostedes.

A lei obriga a facer minoración dunhas partidas. Pode vostede facer toda a demagogia que queira coa igualdade. Temas como a cidade da xustiza e a depuradora son imprescindibles para a cidade e vostedes non contemplan máis que 20.000 euros para un estudo da depuradora, non falan nada dos terreos e destinan cero euros para as expropiacións da cidade da xustiza cando o alcalde prometeu por activa e por pasiva que se van facer eses alleamentos e se van poñer os terreos a disposición da Xunta de Galicia que ten consignados 15 millóns de euros para executar ese traballo.

Falou tamén do endebedamento pero, como se pode dicir con tan pouco rigor o que dixo vostede aquí, se no Plan económico-financeiro imos pasar dun endebedamento do 19,76% no ano 2008 a unha previsión de máis dun 35% no 2012? Como pode dicir que vai ser cero? Non minta, Sra. Díaz, aínda que eu xa non sei se é mentira ou falta de rigor e do rigor e doutros temas falarei na miña seguinte intervención.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non entendo por que non me podo dirixir o Sr. Conde nos Plenos cando aquí todo o mundo escoitou que me chamou "listilla", entón non entendo por que el si se pode dirixir en ton despectivo a min pero eu non lle podo chamar Sr. Conde. Novamente acúsame a min de insultar e utiliza unha serie de refráns. Eu tamén vou utilizar outro, Sr. Conde: "Non ofende quen quere senón quen

pode". Vostede non pode.

Volven acusar novamente a un profesional e utilizan un termo que acuñan vostedes, Sr. Conde e señores do Partido Popular, son vostedes quen sacan ese termo para un profesional que aínda hoxe non me mostraron outro cun currículo mellor, que fose quen de dirixir e coordinar máis de cen plans económico-financeiros porque esta persoa á que tanto critican da clases deses plans, apréndelles ós rapaces que hoxe están nas asesorías como se fai un plan económico-financeiro e polo tanto é un experto de recoñecido prestixio. Escolleuse a esta persoa para que revisara o Plan Xeral de Contabilidade, ese plan contable que teñen que asumir absolutamente todas as empresas de España, todas teñen que estar suxeitas ó Plan xeral de contabilidade e en absolutamente todas as facultades de España impártese este plan.

Nomeouse a esta persoa para que revisase se o Plan xeral de contabilidade estaba ben e polo tanto coñecementos de contabilidade e de plans económico-financeiros tenos sobrados, con publicacións, con investigacións, con vinte anos de experiencia e once anos máis en plans económico-financeiros. Pero ó parecer non se pode contratar a profesores da Universidade, están vetados. Eu pregunto por que, que fixeron? Están vetados, Sr. Conde, os profesores da Universidade para traballar para o Concello? Para que o Concello lle pida un plan económico-financeiro a un profesional de magnífico prestixio?

Se están vetados a Xunta de Galicia hai uns días chamou a dous profesores da Universidade de Vigo para que fixeran o estudo económico-financeiro da Área Metropolitana de Vigo. Hai quince días que a Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo chamou a dous profesores da Universidade de Vigo e polo tanto segundo o Sr. Conde compañeiros meus, para que fixeran o Plan económico-financeiro da Área Metropolitana de Vigo e se queremos sacar vinculacións, Sr. Conde, eu podo sacar moitas.

Eu non vou criticar a eses profesores, coñézoos, son uns excelentes profesionais e paréceme magnífica a idea de que a Xunta de Galicia acuda á Universidade para que profesionais estupendos fagan eses plans, pero se queren atopamos vinculacións porque resulta que un destes profesores quince días antes escribira un artigo no que criticaba ó goberno da Nación por diciren que a Lei de caixas do Sr. Feijoo é anticonstitucional. Fíxese que casualidade que quince días antes dixera que a actitude do goberno da Nación é censurable e que está parando o proceso de fusión de caixas e díxoo tamén noutro artigo uns días antes.

Pero resulta que un destes profesores está no Consello de Administración da Axencia da Calidade do sistema universitario galego onde tamén está o actual conselleiro de Educación. O actual conselleiro de Educación e un destes profesores están no mesmo consello, no mesmo órgano de administración e imparten clases con esa persoa porque foi decana desa facultade, fíxese que casualidade. Isto invalidaos para que os contraten? Non, Sr. Conde, isto non os invalida, son uns magníficos profesionais da Universidade e eu síntome moi orgullosa e alegreime moito cando vin que a dúas persoas da Universidade chamábanas para traballar nun estudo económico-financeiro onde se analizan os ingresos e gastos de concellos como o de Vigo. É dicir, o mesmo que se encargou dende este Concello, exactamente o mesmo, Sr. Conde.

Outra volta volve criticar á persoa, a forma de contratación da persoa, que se se lle di que faga unha empresa, que se se lle dá a unha persoa en concreto... O que aquí aparece é unha soa empresa, unha empresa dun amigo do Partido Popular, o que teño aquí son todas as facturas emitidas no ano 2004, 2005, 2006 e 2007 por unha única empresa do Partido Popular, todas son adxudicacións a dedo. Saben por canto? Por medio millón de euros. Esta é a ética que o Sr. Conde quere que eu siga, a de máis de medio millón de euros adxudicados a unha soa empresa de amigos do Partido Popular. Foron 292 contratos. Pero hai máis, teño aquí a documentación desta outra empresa que ten 71 contratos, outra que ten 38 contratos, outra que ten 13 contratos, poderíamos seguir falando. Fíxense que só falo de cinco empresas e levamos 300 contratos. Esta é a ética do Partido Popular.

Falou tamén da forma de contratar. Eu voulle falar da forma de contratar que tiñan vostedes porque teño aquí a documentación das adxudicacións a dedo dese mobiliario. Esta é a documentación dunha das adxudicacións a dedo do mobiliario que hai no Areal onde se saltaron calquera tipo de contratación porque aquí estamos a falar de medio millón de euros sen ningún tipo de fiscalización. Este é só un exemplo da ética do Partido Popular.

De novo volve mentir co endebedamento e me acaba de confirmar o Sr. Conde que ou non sabe sumar ou non sabe ler porque en contabilidade as cousas se suman e se restan, as empresas teñen ingresos e gastos e non se pode dicir que unha empresa ten perdas por teren moitos gastos de alumeado, da impresora ou do que sexa porque, onde están os ingresos? Non se pode falar só dun lado por iso lle digo ó Sr. Conde, onde están todas as amortizacións que se contemplan nese Plan económico-financeiro? Restounas? Non, non as restou e a dúbida é se non as restou porque non

quixo ou porque non sabía; esa é a dúbida. Se non sabe que hai que restar as amortizacións eu non sei se é porque non sabe ou porque non quere ler porque na contabilidade dánse as sumas pero tamén as restas. Pero novamente insiste en que só sabe “a lista” e sábeo calquera persoa que saiba de contabilidade, Sr. Conde, sábeo calquera.

Pero non só iso, é que leu unha liña pero non a de abaixo onde pon que hai que restar e polo tanto o que dá, porque no Plan económico-financieiro aparece que mesmo no último ano a débeda baixa. Está no Plan, Sr. Conde, na páxina 101 onde se di que o endebedamento no ano 2012 será inferior ó do ano 2011. É que non chegou á páxina 101? Non lle deu tempo a ler iso? É iso o que pasa e por iso engana e mente? Só le a metade?

Xa que critica tanto o Plan e di que un “corta e pega”, vostede pode criticar os supostos que se tomaron aquí para decidir as previsións de ingresos? Sabe que previsión de crecemento da economía se fixo? Que previsión do IPC se tomou? Que previsión de incremento de gastos hai? Porque todo iso está no Plan, aparecen as previsións de ingresos, as de gastos, en que imos aumentar ou diminuír e aparece todo xustificado, tributo a tributo, taxa a taxa. É un estudo minucioso e detallado de absolutamente todo, de todos os ingresos e todos os gastos.

Sinxelamente lembrarlle ó Partido Popular que de novo menten pero a cidade de Vigo xa sabe que vostedes menten.

SR. CONDE GIL: De seren eu xornalista teríao moi fácil porque a Sra. Díaz evita falar de orzamentos e dedícase a defender ó seu “amigote”. Iso é o que fixo aquí, pero o que tamén está facendo é menosprezar ós funcionarios desta Casa, aínda que se pode considerar que D. José Antonio Pérez Torres, de quen eu non dubidei nunca da súa profesionalidade e pode sacar vostede os currículum que lle dea a gana, dáme exactamente igual, eu non dubidei da profesionalidade desa persoa aínda que si da súa maneira de actuar, Sra. Díaz. Di a un amigo que faga unha empresa para lle dar uns contratos porque constitúe unha sociedade un 3 de decembro do ano 2008 e ós quince días se lle fai un contrato e por certo que é da súa área.

Logo no ano 2009 a única factura, porque como sabe vostede tanto de contabilidade saberá que as empresas cando emiten facturas teñen que dar unha orde correlativa das mesmas por obriga fiscal, maxino que xa o saberá e senón llo digo eu, pois esta empresa á que novamente contrata vostede a única factura que emite no ano 2009 é

en decembro, a factura 1/2009, ó Concello de Vigo.

Non só despreza ós profesionais desta Casa senón que, malia se poñer detrás da pancarta da defensa de Vigo, vai contratar unha empresa con sede social en Pontevedra. Non hai empresas en Vigo para o facer ou noutras cidades de moita máis cualificación profesional que esta? Porque non a ten, é unha empresa “ad hoc”, feita para isto e eu pregunto o por que.

A resposta é porque D. José Antonio Pérez Torres ten o seu posto de traballo no seu despacho, porque todo o mundo nesta Casa sabe que está traballando con vostede aí abaixo utilizando os ordenadores e indo ós distintos departamentos. Como cualificamos isto? O seu amigo, esta persoa que tanto sabe e contra a que eu non teño absolutamente nada. Pero na páxina 12 do informe vese que a suma dos capítulos da columna de pagamentos non se corresponde co total indicado e o tanto por cento do total de gastos indicados na columna $c/bx100$ tampouco está ben calculado.

Na páxina 13 a suma total de ingresos da columna de provisións definitivas non se corresponde coa suma dos capítulos de ingresos que curiosamente se fai coincidir co total de gastos dos créditos definitivos. Os totais parciais dos créditos definitivos, total Capítulo I-IV e total Capítulos I-IV máis Capítulo IX, están mal calculados.

Na páxina 15 a suma total de ingresos da columna de previsións definitivas non se corresponde coa suma dos capítulos de ingresos.

Na páxina 16 a suma total de ingresos da columna de previsións definitivas non se corresponde coa suma dos capítulos de ingresos.

Na páxina 26 a suma dos subconceptos do Capítulo II, impostos indirectos, non dá o resultado total. A suma dos subconceptos do Capítulo III, Taxas e outros ingresos, non dá o resultado total.

Na páxina 32 a suma total de ingresos da columna de previsións definitivas non se corresponde coa suma de capítulos de ingresos que curiosamente se fai coincidir co total de gastos dos créditos definitivos.

Na páxina 42 no remanente de tesourería total, está mal a fórmula de cálculo, é $1+2-3$ e este señor, con dezanove folios de currículum, foi descuberto por un señor con medio folio de currículum e polos mediocres segundo vostede. Insultounos vostede e os mediocres collérona co carriño dos xeados porque este señor que tanto sabe, non sabe nin restar, non sabe nin copiar porque na liquidación do orzamento de 2008 que utiliza, feita polo señor interventor, un magnífico profesional, figura $1+2-3$ e dá o

resultado e este home tan lúcido non sabe copiar, xa me fai dubidar da súa profesionalidade e aínda por riba o ten vostede aí abaixo. Non me estraña que a situación da cidade vaia como vai cos asesores que se busca vostede pero logo quen non sabe sumar son eu.

Na páxina 50 do Plan na suma das operacións de capital da columna de gastos non se corresponde coa suma dos capítulos correspondentes. Logo di que eu non sei de economía, que non sei sumar. Efectivamente non teño dezanove folios de currículum, teño 40 anos, cando teña a idade deste señor igual si.

Dixo tamén que se non cheguei á páxina 101 pero a que non debeu chegar é vostede porque nos coeficientes de endebedamento dos datos que utiliza a 31 de decembro de 2008 figura un 19,76%, o coeficiente de endebedamento previsto para o ano 2010 é de dez puntos máis, un 29%, para o ano 2011 un 36,16% e para o ano 2012 un 35,02%. Isto dio o seu amigo, a quen lle fixo vostede constituír unha empresa para facer o informe “Vigo recicla” e para ver onde hai que poñer os bancos porque onde se vai poñer un banco ou un bebedeiro non o pode decidir un técnico da Casa, hai que facer un informe que custa 18.000 euros. A iso chámase nepotismo, por non poñer outro cualificativo.

Tan lista que é vostede e xa non lle digo o cualificativo de “listilla” non vaia ser que se vaian os seus compañeiros, pero vostede é moi lista e nos ven dar aquí leccións. Non me estraña que vaian as cousas tan mal porque se se dedicou vostede toda a semana a buscar nos arquivos, non me estraña que non fale dos orzamentos.

Sra. Díaz, “auga pasada non move muíño”, esquézanse xa do pasado, é máis, vostedes están hipotecando o futuro da cidade, hipotecando ós vigueses e ás viguesas e fano con todo o descaro, xa se dan como hipotéticos gañadores dunhas eleccións porque están hipotecando o futuro das futuras corporacións. Esa é a democracia, hipotecar ós demais? Imos volver ós niveis de endebedamento que existían aquí no seu día?

Este Plan económico-financeiro é unha auténtica chapuza e pídolles á secretaria e ó interventor que informen sobre que hai que facer cun documento que ten tantos defectos para a súa aprobación, se o imos aprobar defectuoso ou teñen que ter unhas horas para o corrixir e volver presentalo, ou un día, ou que, porque isto non o hai por onde coller, a ver xuridicamente como facemos. Sra. Díaz, non está abaixo D. José Antonio para que o corrixira. Vostede preocúpase doutras cousas.

Unha das obrigas da oposición é a de fiscalizar. Se vostedes foron tan listos no

anterior mandato de non cumprir co seu cometido, alá vostedes pero estes mediocres que estamos aquí collérona co carriño dos xeados.

Por certo, quero informarlle de que o outro día me chamaron varios profesores da Universidade felicitándome. Esas insidias de seu dicindo que están moi enfadados na Universidade é outra mentira.

O que non sei é se vai crear vostede outras empresas, dígao antes do remate do mandato para facer un seguimento porque igual ten vostede máis amigos para contratar deste xeito. Xa lle digo: “Consuljamel Galega”, rúa de Ponteboleira, Pontevedra. Non só non hai profesionais nesta cidade senón que vai vostede Pontevedra. Que é isto? Non hai empresas en Vigo? E écheselle a boca criticando todos os temas cando vai vostede contratar a Pontevedra e eu non teño nada contra dos pontevedreses, nin moito menos. Non hai empresas en Vigo ou en Madrid que tanto lle gusta? Por certo, sabe que o Concello de Madrid freou o gasto? Non fixo un orzamento expansivo.

No informe do interventor dise: “Inclúense así mesmo toda unha serie de medidas e hipóteses en materia de gastos, xestión tributaria, coordinación e seguimento da actividade económico-financeira dos entes dependentes (...) que na miña opinión o desexable sería que se enunciases cunha maior concreción, dado que no plano teórico non cabe ningunha dúbida de que a súa adopción e posta en práctica (...) resulta o desexable e aconsellable ós efectos dunha eficaz e eficiente xestión de recursos públicos. Considero que estas estimacións son as características da técnica orzamentaria incrementalista (a vostedes gústalles incrementar) que nunha perspectiva teórica presentan como principal vantaxe a súa simplicidade (vostedes van o fácil) e o seu escaso soporte técnico e como principal defecto a difícil adaptación a circunstancias cambiantes, a súa falta de análise sistemática das actividades xa iniciadas e a defectuosa asignación de recursos para actividades de carácter discrecional”.

Haise que poñer unha “*tirita*” porque isto vai sangrar por todos os lados. Que veña vostede a dicir todas estas cousas..., vostede si que se ten que ler o informe, ten que ler este Plan económico-financeiro porque curiosamente as taxas e outros ingresos nos que se inclúen as multas soben para o 2011 e 2012, van vostedes sancionar ós cidadáns como xa fixeron noutros exercicios, para recadar e teñen intención de mellorar a xestión tributaria: “O Concello desenvolverá actuacións relacionadas coa xestión tributaria co fin de mellorar a eficiencia recadatoria realizando inspeccións

tributarias co fin de detectar feitos impoñibles que estaban sen declarar". Van perseguir ós cidadáns?

Sra. Díaz, leccións as xustas e insisto que coas súas declaracións, co que dixo só ten un cualificativo: "listilla".

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, paréceme que as frases pexorativas dese estilo de alusións neste Pleno non teñen cabida democrática. Vostede pode insistir en dicilas pero non teñen cabida democrática.

Sr. Domínguez Olveira, efectivamente eu apliquei a norma dun Pleno normal, este é un Pleno especial; voulle dar unha intervención pero lle agradecería que non fixera ningunha alusión ó Grupo Popular porque senón lle tería que dar a palabra.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde. O Sr. López Font e máis eu pactamos unha serie de intervencións. Vostede deulle a palabra ó noso concelleiro, nós non imos permitir unha vez máis un comportamento ou actitude prepotente e arrogante, se non estivo atento teno que estar. Este é un Pleno da Corporación de Vigo, consideramos que estratéxica e politicamente o noso Grupo vese prexudicado por esta actitude que vostede vai tomar.

Nós non temos inconveniente en que o Sr. Domínguez fale as veces que queira, o Pleno é para falar e debater, pero unha vez máis demostra vostede a súa actitude e o seu comportamento. Hai que estar atento Sr. Alcalde, é o traballo de seu.

A PRESIDENCIA: Dareille logo unha rolda de intervención ó Grupo Popular.

SR. FIGUEROA VILA: Nós non queremos unha rolda máis de intervención.

A PRESIDENCIA: Eu dareillo. Sr. Domínguez Olveira, ten a palabra.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Se molesta que falemos que se diga.

SR. FIGUEROA VILA: É unha cuestión de orde.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, Sr. Martiño, non teñen a palabra.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vostedes saben que en todos os debates orzamentarios cada grupo intervén dúas veces e pecha o goberno.

Realmente eu quero falar dos orzamentos, non vou falar de empresas ou de non sei que, quero falar dos orzamentos porque este é ese debate e unha vez máis se demostra que non hai ningunha alternativa a estes orzamentos porque nas dúas intervencións do representante do Partido Popular non escoitei nin unha soa frase, nin unha soa alusión a como o Partido Popular gastaría os cartos dos vigueses e das viguesas.

Este é o debate democrático, non lles interesa escoitar, pero coma a min o que me interesa é que me escoiten os cidadáns e isto transmítese a través dos medios de comunicación eu si que vou seguir falando, vou falar precisamente dos orzamentos para que os cidadáns nos escoiten e se decaten de que non hai ningunha alternativa, aquí non se expuxo ningunha alternativa a estes orzamentos.

Claro que estes non son orzamentos do Partido Popular e non hai máis que comparar. Vou dar unhas cifras que queden a modo de resume.

Ano 2007, último goberno do Partido Popular: Orzamentos de Benestar Social, 5.347.000 euros. Ano 2010: Benestar Social, 9.937.000 euros. Deportes, último goberno do Partido Popular: 5.502.000 euros. 2010: 10.997.000 euros. Axudas ó pequeno e mediano comercio, último orzamento do Partido Popular: 426.000 euros. Ano 2010. 4.195.000 euros.

Non quero seguir cansando con cifras, estas son as diferencias duns orzamentos que apostan polo gasto social, polas clases máis populares ás que máis temos que axudar diante da crise e uns orzamentos que apostaban por poñer flores pero non en toda a cidade, só no centro de Vigo. Esta é a diferenza entre uns e outros orzamentos.

Cualificou vostede de descaro dicir certas cousas. O que é un auténtico descaro é vir aquí preguntar onde están os centros de día, onde as galescolas cando foi a Xunta do Partido Popular quen paralizou, quen está paralizando e quen quere privatizar todas as infraestruturas de servizos sociais que o anterior goberno deixou comprometidas. Cando hai máis dun ano que o goberno do bipartito deixou un centro de día rematado e vostedes non son quen do abrir, ese é o centro de día da rúa O Grove. Iso si que é descaro.

Como se poden preguntar onde están eses investimentos en materia social cando a Xunta está a reducir o Plan Concertado, rebaixando os cartos para atender ás

demandas máis necesarias da xente menos favorecida desta cidade. Iso fai a Xunta de Galicia. Esas si que son políticas de dereitas, rebaixar ata a subvención que se lle daba á Oficina de Emigración desta cidade, a cidade onde máis emigrantes hai de toda Galicia. Esas son as políticas de dereita e estes son os orzamentos dun goberno de esquerdas. Esa é a gran diferenza.

E falan de empresas, que se unha empresa é de Pontevedra. Hai que ter descaro político porque Pontevedra está en Galicia, está na nosa provincia e a Xunta de Galicia do Partido Popular contrata o logotipo e toda a campaña do Xacobeo a unha empresa de Madrid e cun concurso millonario, como se en toda Galicia non houbera empresas de comunicación con suficiente calidade e solvencia. Como poden falar aquí dun xeito e actuar logo na política de outro?

Descaro, a ver quen ten descaro.

O pazo de congresos e tres piscinas. O goberno do Partido Popular deixou tres piscinas na cidade e o pazo de congresos. Onde están as piscinas? En Barreiro e na Miñooca non hai piscinas rematadas, en Valladares si, pero a tivemos que rematar nós que nin sequera puideron vostedes rematar a urbanización e as piscinas de Barreiro e da Miñooca temos que as rematar nós porque a ver quen as vai rematar.

Imos falar do Plan económico-financeiro que tamén está dentro dos orzamentos. Existe na actualidade un sistema de financiamento local que se aprobou por un goberno do Sr. Aznar cando este tiña maioría absoluta, o Decreto 2/2004 que é polo que se rexe o actual sistema de financiamento local. Para que os cidadáns entendan, os concellos a través do PIE -participación nos ingresos do Estado- reciben unha serie de ingresos que evidentemente por mor da crise o anterior ano e máis este se viron recortados.

O BNG xa puxo enriba da mesa que é necesario un novo sistema de financiamento local porque non se pode financiar ós concellos única e exclusivamente polo ratio do número de habitantes, hai que ter en conta outros factores diferenciais. Non é o mesmo Vigo con máis de vinte núcleos de barrios e parroquias, con centralidade e con forza, ca outra cidade co mesmo número de habitantes que non ten esa dispersión poboacional; ou hai que contemplar no financiamento local ós nosos maiores; ou ós nosos emigrantes e Vigo nese sentido ten moito máis ca outras cidade co mesmo número de habitantes. Por iso o BNG ven reclamando un novo sistema financeiro local, sistema que se aprobou polo Partido Popular.

Pero ademais hai unha cousa que aquí non se di: por que este goberno municipal ten

que ir a 27 millóns de euros neste ano? Por unha razón moi clara, porque este goberno municipal é responsable e en tempos de crise non se pode facer caixa, os cidadáns non entendería que podendo endebedarnos porque nolo permite a lei e temos uns ratios moi baixos de endebedamento, como dicía antes a concelleira de Facenda, que seguíramos facendo caixa cando hai familias que teñen que pagar os comedores escolares ou os libros e non poden; non entenderían que seguíramos facendo caixa cando o pequeno e mediano comercio desta cidade está sufrindo os efectos da crise. Por iso este goberno, como é responsable, vaise endebedar dentro dos ratios permitidos para dar resposta a esas necesidades.

Saben como este Concello non se tería que endebedar, nin ir a eses 27 millóns? Dígoo eu. Se nos orzamentos do 2010 a Xunta de Galicia non rebaixara os investimentos na cidade un 37% con referencia ós do último goberno bipartito. O Partido Popular rebaixou os investimentos para Vigo un 37% e se ese 37%, xa non vou dicir que o aumentaran, de se manter, o Concello non tería que acudir a este Plan económico-financeiro. Ou se eses famosos 25 millóns de euros que prometeu un día o Sr. Louzán, presidente da Deputación, que recibiu unha carta do concelleiro de Deportes pedíndolle a firma dun convenio, se eses 25 millóns da Deputación estiveran aquí non nos teríamos que endebedar.

Polo tanto, se hai un responsable de que este goberno e esta cidade para atender ás necesidades teña que ir a ese Plan económico-financeiro é o Partido Popular porque hai cero achegas da Deputación e da Xunta de Galicia hai recorte tras recorte.

Esa é a diferenza entre unha política de dereitas e unha de esquerdas. Dixeron que en Madrid frearon o gasto; que irresponsabilidade en tempo de crise manter o gasto se hai posibilidade de aumentalo en favor dos contribuíntes. Esa si é unha auténtica irresponsabilidade.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, ten unha rolda extraordinaria de cinco minutos.

SR. CONDE GIL: Non vou facer uso desa rolda porque nos parece unha irregularidade o que aconteceu neste Pleno, pero si vou insistir en que a secretaria informe sobre o tema que presentei dos erros materiais existentes no Plan económico-financeiro e de non se retirar da orde do día ou de non corrixirse, que por favor me asine este exemplar que teño para que non haxa modificacións posteriores.

Neste intre, sendo as dez horas e corenta e seis minutos, suspéndese a sesión plenaria por unha falla da megafonía nos micrófonos correspondentes os membros do Grupo municipal Socialista. Continuase a sesión as dez horas e cincuenta e seis minutos coa intervención da Sra. Díaz Vázquez.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Vertéronse unhas acusacións moi fortes e quen segue acuñando o termo segue a ser o Partido Popular, pero mente e engana unha vez máis porque cando se fala da vinculación que hai entre este excelente profesional e a miña persoa, resulta que na Universidade hai máis persoas con ese mesmo nome e cando citan, citan precisamente a ese outro profesor e as vinculacións que establecen entre ese profesor, eu e o Porto é precisamente esa terceira persoa, non é o profesional que fixo o Plan económico-financeiro e iso precisamente o Sr. Conde sábeo porque ese profesor chamouno a el onte e pediulle explicacións. Segundo el son eses profesores que o gaban; pois o de onte non o gabou, o de onte criticouno e é máis, o Sr. Conde díxolle que se ía desculpar neste Pleno e xa vexo como se desculpou. Esa é a palabra do Sr. Conde e esas son as vinculacións. Non lle importa meter a terceiras persoas que non teñen absolutamente nada que ver para dicir que segue habendo unha relación. A relación que teño con este profesor é absolutamente a mesma que teño co Sr. Chaves e coa súa muller porque impartimos clase na mesma facultade, compartimos alumnos e materias, pero tamén a mesma co Sr. Martiño porque impartín congresos con profesores da súa Universidade e a Sra. Veloso Ríos e máis eu somos moi íntimas porque tamén din clases na súa facultade e xa non digo nada do Sr. Calviño porque é o mesmo caso ou do Sr. Rodríguez Díaz que lle din clases á súa filla, exactamente a mesma vinculación.

Pero non vou ir por aí porque iso é o que vostedes queren. Queren *enmerdar* este Pleno e o que están utilizando é a mentira e a calumnia e volven seguir con elas porque non queren que se fale polo que hoxe estamos aquí, para aprobar un orzamento de 250 millóns de euros para a cidade, o orzamento máis investidor posible.

Sr. Conde, con respecto ó emprego quen ten as políticas activas de emprego é a Xunta. Cantos empregos creou a Xunta en Vigo? Cero. Canto está investindo a Xunta en Vigo? Cero e a competencia da xeración de emprego é da Xunta, os parados que hai en Vigo son os do Sr. Núñez Feijóo.

Sr. Conde, con respecto ás asociacións de veciños e ó goberno da Sra. Porro. Este

gobierno deulle cada ano 75.000 euros máis ca vostedes ás asociacións veciñais, pasamos de 150.000 euros a 225.000. A realidade é que estamos con todas as asociacións veciñais e que teñen máis subvencións que nunca.

Con respecto ás sentenzas ese é o regalo envelenado do Partido Popular co que nos atopamos.

De novo volve calumniar, di que non coinciden as sumas. Os datos están sacados da liquidación aprobada neste Pleno e o que se demostra unha vez máis é que quen non sabe sumar é vostede. Non dixo que era un “corta e pega”?

Acúsanos de hipotecar o futuro cando se escoitaba por detrás falar ó seu voceiro que está na Deputación onde fixeron un Plan económico-financeiro que tamén vai para despois das eleccións e que deixa á Deputación cunha débeda de máis do 80%. Eses son os que din que estamos hipotecando a cidade cando nos xornais hoxe sae que Vigo é das cidades máis saneadas, cando gracias á nosa xestión Vigo está no número dous das cidades mellor situadas e Madrid a primeira como a peor, 2.000 euros per cápita fronte cento e pico euros per cápita. Esa é a realidade.

A outra realidade que hai detrás é o que non quixo dicir en ningún momento o Sr. Conde e dicíao moi ben o Sr. Domínguez Olveira, que non teñen plan de futuro, non teñen alternativa para esta cidade, a súa única proposta é que non se faga nada nesta cidade e iso é o que están facendo coa Deputación e tamén o dicía o Sr. Domínguez Olveira porque, canto investiu a Deputación nesta cidade? Cero. Con ese Plan económico-financeiro saía o Sr. Figueroa dicindo que tiñan un plan anti-criese de 200 millóns de euros co que ían xerar milleiros de empregos. Onde? Con que? Porque eu vin os investimentos da Deputación e é piche pero nin un só camión de piche ven cara Vigo, quedan polo camiño, non son quen de traer nin sequera á Estrada Provincial un camión de piche. A Deputación abandonounos, a Xunta de Galicia exactamente igual e a única institución que está a investir en Vigo é este goberno municipal, é este Concello. As únicas persoas que se puxeron ó carón dos cidadáns son as deste goberno porque o Partido Popular lle deu as costas completamente.

Nós seguimos defendendo este orzamento, é o maior investidor da historia da cidade. Defendemos un Plan económico-financeiro de 100 millóns de euros de investimento para a cidade, imos transformar a cidade como nunca, imos facer maior gasto social que nunca. Non entenden as cifras que lles deu o Sr. Domínguez Olveira? Non entenden os millóns de euros de máis que hai con respecto ós cartos que había coa Sra. Porro? Diso é do que está en contra, cando vote o Partido Popular en contra

vai votar en contra de que se humanicen cen rúas, de que se invista en parques infantís e de que existan 100 millóns de euros para a cidade porque iso é o que hoxe se vota aquí.

O que hoxe se vota aquí é o que queremos o ano que ven na cidade e é o que queremos para dentro de dous anos na cidade. Quen non quere humanizacións é o Partido Popular, non quere investimentos, non quere que se transforme a cidade e por iso hoxe van votar que non, pero este goberno vai votar que si.

2.- (62).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. PARA O EXERCICIO 2010.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na súa sesión extraordinaria do día 11 de febreiro de 2010, aprobou inicialmente o orzamento xeral do Concello e dos seus organismos autónomos administrativos Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias VigoZoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio do ano 2010.

Durante o prazo sinalado no Boletín Oficial da Provincia número 33, de data 15 de febreiro, presentáronse no Rexistro Xeral do Concello as seguintes alegacións:

- 1.- Aurelio Adán Fernández (100023740)
- 2.- Ramón Méndez Martínez (100028397)
- 3.- Federación Veciñal Eduardo Chao (100029391)
- 4.- Mancomunidade de Montes de Vigo (100030055)
- 5.- Comité de Persoal do Concello de Vigo (100030298)
- 6.- Miraflores Vigo, SA (100030376)
- 7.- Sección Sindical CIG do Concello (100031048)
- 8.- Francisco Javier Neira Henche e outros (100031050)
- 9.- Confederación Intersindical Galega (100031057)
- 10.- Eudasio Álvarez Álvarez (100031093)
- 11.- Cándido Alonso Comesaña (100031561)
- 12.- Fernando Paiva Parada e outros (100031606)
- 13.- Iván Alejandro Ramos Lamas (100031476).
- 14.- Amparo Salgado López (100031792)
- 15.- Concepción Rodríguez Garrido (100031796)
- 16.- Angel Ferro Mancho (100031640)
- 17.- Teresa Vaqueiro Herbelo (100031738)
- 18.- Grupo Municipal do Partido Popular (100031746)
- 19.- César Casas González (100031754)
- 20.- Gumersindo Vázquez Pedrido (100031759)
- 21.- Jesús Rodríguez Durán e outros (100031761)

- 22.- César Casas González (100031764)
- 23.- Avelina Santiso Gil (100031769)
- 24.- Fernando Fernández Amil e outros (100031783)
- 25.- Mercedes María Mesia Alonso e outra (100031789)
- 26.- Central Sindical Ind. Funcionarios (100031838)
- 27.- Gestión y Promociones de Compostela SRL (100031757)
- 28.- Juan Antonio Zaragoza Bastos (100031948)
- 29.- Aurea Soto Lago (100034550)

Igualmente en data 25 de febreiro, tivo entrada no Rexistro Xeral de Urbanismo unha alegación formulada por Cocheras Olívicas de Puentes, SA., documento número 100028026.

Con data 24 de marzo, a concelleira delegada de Economía e Facenda, vistos os informes emitidos polos distintos departamentos en relación coas alegacións presentadas, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 26 de marzo de 2010, informa a anterior proposta do xeito que segue:

“O Concello Pleno en sesión realizada o día 11 de febreiro do ano en curso, adoptou acordo provisional de aprobación do proxecto de Orzamentos Xerais para o exercicio económico de 2010.

En cumprimento do previsto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, o proxecto de Orzamento Xeral foi exposto ao público polo prazo previsto no precepto legal indicado. Durante devandito prazo foron presentadas un total de 30 reclamacións segundo consta no expediente, vinte e nove delas no Rexistro Xeneral do Concello segundo se acredita por certificado do 15 de marzo do ano en curso emitido polo Titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, que igualmente figura incorporado a aquel e outra máis ata completar as 30 presentadas no Rexistro Xeneral da Xerencia de Urbanismo.

Remítese agora a esta Intervención Xeral proposta de resolución ao Pleno da Corporación das reclamacións presentadas que formula a Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda.

Examinada dita proposta, así como a documentación e informes en que se fundamenta, procede a emisión do seguinte informe:

O artigo 170 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, regula o réxime de reclamacións ao proxecto de orzamentos das entidades locais, reclamacións que, nalgúns aspectos, resultan semellantes a un “recurso de reposición” despois de que se interpoñan ante o Pleno que deu a súa aprobación ao expediente presupostario.

O apartado primeiro do precepto legal citado fai referencia á lexitimación activa para a presentación de tales reclamacións, lexitimación que se suscita en termos distintos á que resultaría de aplicar a lexitimación procesal pertinente atendendo á Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa unha vez se proceda á aprobación definitiva do orzamento. En efecto, o apartado tamén primeiro do artigo 171 do RD Legislativo 2/2000, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

A regulación da lexitimación activa en vía administrativa para formular reclamacións á aprobación provisional do proxecto de orzamento, prevista no primeiro dos preceptos legais indicados, contempla tres categorías de interesados: os habitantes no territorio da respectiva Entidade local, debéndose entender por tales os habitantes de dereito, en segundo lugar os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade local, é dicir, aqueles que puidesen ser titulares dun interese propio particular distinto do de calquera outro cidadán e finalmente e en terceiro lugar faise mención dentro desta lexitimación na vía administrativa para reclamar contra os orzamentos municipais a unha serie de entidades (colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións) que dende a súa condición pública ou privada, poden defender intereses profesionais, económicos e/ou veciñais no ámbito do territorio municipal.

Pois ben, tendo en conta o exposto e á vista das reclamacións suscitadas relacionadas no expediente, podemos deducir que en termos xerais todas elas cumprirían este requisito de lexitimación activa, atopándose os reclamantes nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

Doutra banda e en segundo lugar, debe terse en conta que o apartado segundo do citado artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, do 5 de marzo e o mesmo apartado do artigo 22 do RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas locais, enumera os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán entaborearse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, a teor dos preceptos indicados anteriormente, por non se ter axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Con respecto a esta posibilidade debemos indicar que existe unha doutrina xurisprudencial a teor da cal a existencia de vicios formais na elaboración e aprobación do orzamento deben ser o suficientemente graves como para anular o mesmo na súa integridade, xa que de apreciarse un vicio que determinase a súa anulabilidade e non a nulidade radical, habería de aplicarse o “principio de conservación de actos”.

En segundo lugar, a Lei impón ás Entidades locais a esixencia de incluír nos

orxamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, que supón unha excepción á regra xeral do efecto autorizante do orxamento, como consecuencia da preexistencia do recoñecemento obrigacional, é preciso que a obrigación sexa “esixible”, isto é, que se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade. E é por iso que o indicado artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, do 5 de marzo, recolle un segundo suposto polo cal só permite a impugnación dos orxamentos por omisión de créditos para o cumprimento de obrigas cando estas son “esixibles á Entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo”.

Finalmente e en terceiro lugar, un último motivo taxado de reclamación contra un orxamento dunha entidade local constitúeo a insuficiencia dos ingresos en relación aos gastos presupostados e deste respecto das necesidades derivadas do exercicio das competencias municipais. Agora ben o repetido artigo 170 do RD Legislativo 2/2000, soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas”, pois outra cousa supoñería limitar arbitrariamente as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local. Por outra banda, habería que distinguir entre os gastos de funcionamento dos servizos de carácter obrigatorio que serían os servizos mínimos municipais do artigo 26 da Lei de Bases do Réxime Local e os de carácter potestativo dos que non cabe predicar a súa preceptividade.

Realizadas as consideracións que antecede sobre estes motivos taxados previstos na normativa vixente aos que inexorablemente deben axustarse as reclamacións presentadas á aprobación inicial dos Orxamentos Xerais para o exercicio económico de 2010, podemos concluír o seguinte:

En primeiro lugar, apreciamos que na proposta de resolución que se somete a informe, determinadas alegacións se desestiman en base a que non son susceptibles de ser encadradas dentro dos tres motivos taxados expostos anteriormente, en tanto que respecto doutras reclamacións, aínda non correspondéndose cos motivos de impugnación previstos legalmente, decláranse admisibles e estímense. Xa faciamos referencia a esta cuestión no informe emitido con data de 10 de decembro do 2009, con ocasión da aprobación definitiva do proxecto de orxamento para 2009 e resolución de reclamacións cando sinalabamos:

“Consideramos que nesta última situación, isto é, que aínda resultando inadmisibile a reclamación conforme ao que se ven expoñendo se propoña a estimación da mesma, supoñería a introdución de modificacións sobre o acordado na aprobación inicial, que implicarían a privación da posibilidade de recorrer a quen resulte prexudicado por tales modificacións sobrevidas, o que ao cabo daría lugar a condenalo á indefensión en contra do principio constitucional do dereito á tutela xudicial efectiva. No ámbito estrito do procedemento administrativo, esta última actuación implicaría a negación da doutrina administrativa dos actos propios e en consecuencia a creba dos principios xerais

de boa fe e de confianza lexítima, que o artigo 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, impón ás Administracións públicas nas súas actuacións”.

Máis en concreto polo que respecta a esta cuestión e en relación ao expediente que se informa, queremos facer referencia á estimación parcial que se propón para a reclamación formulada pola Asociación de Veciños Eduardo Chao, no concernente á obriga legal que esta administración municipal ten e que se recoñece na proposta que se informa, respecto da elaboración e aprobación dun plan estratéxico de subvencións, conforme á normativa reguladora desta técnica de fomento. Certo é como sinalamos que de tal normativa infírese de forma inequívoca a esixencia de aprobación de tal plan, pero a denuncia do seu incumprimento non se recolle dentro dos repetidos supostos taxados do artigo 170.2 TRLRHL, e tampouco parece que aínda sendo así, coa súa estimación se pretenda efecto ningún, pois no expediente non se inclúe ningunha medida concreta respecto deste Plan estratéxico.

En segundo lugar, temos que efectuar especial referencia ao tratamento e alcance estimativo que na proposta que se informa dáse ao conxunto de alegacións en relación coas sentenzas xudiciais recaídas nos procedementos correspondentes á “Unidade de Actuación Nebrija” e ao procedemento en que é parte demandante a mercantil Miraflores Vigo, S.A.

En relación con iso, o funcionario que subscribe xa informou a petición dun terzo dos membros desta Corporación en data 1 de marzo do ano en curso, e en tal sentido ratifícome no contido do indicado informe e en particular en que as resolucións xudiciais ditadas en relación con estes procedementos son firmes e iso obriga a esta Administración municipal a levar a cabo os trámites necesarios para o cumprimento efectivo e integro dos fallos.

Na proposta da Concellería de Economía e Facenda á que se refire o presente informe, sométese á consideración do Pleno da Corporación que o pago das obrigas económicas derivadas das resolucións xudiciais en cuestión se efectúe con recursos derivados de bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo.

Para ese efecto e tendo en conta as limitacións en canto ao destino e fins deste tipo de bens e á prohibición expresa do artigo 5 do TRLRHL de destinar os ingresos procedentes da venda e gravame dos bens e dereitos patrimoniais ao financiamento de gastos correntes, inclúese no expediente informe do Titular da Asesoría Xurídica Municipal que fundamenta a viabilidade xurídica desta fonte de financiamento para dar cobertura ás obrigas derivadas de tales fallos xudiciais, fóra diso os gastos incorridos por MIRAFLORES VIGO, SA para materializar o aproveitamento urbanístico prometido e frustrado e os intereses devengados por tales gastos, na medida en que o informe xurídico lles atribúe natureza de gasto corrente, non sendo susceptibles, por conseguinte, de ser financiados con recursos provenientes da venda de bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo.

Excepción feita destes últimos, para o resto das indemnizacións e gastos derivados das resolucións xudiciais cuxa execución se reclama, o informe xurídico atribúelles natureza de gasto de investimento, fundamentando en consecuencia a proposta que se eleva ao Pleno da Corporación en orde á utilización desta fonte de financiamento.

Xustifica a posibilidade de utilizar os bens do PMS, en que a aplicación dos mesmos non é outra cousa que o pago, por equivalencia, con esta clase de bens das obrigacións asumidas para a obtención de terreos destinados ao sistema xeral, no caso do convenio de Miraflores Vigo, S.A. e a dotación local para zona verde, no caso do convenio coa familia Paiva Parada. E polo que respecta á indemnización consistente na aplicación do interese legal do diñeiro ao valor obtido dos aproveitamentos urbanísticos frustrados, razónase no informe, dende o punto de vista económico, que tales intereses non teñen carácter moratorio polo atraso no cumprimento dunha obrigación líquida, razón pola cal do mesmo xeito que a indemnización en concepto de principal “poden ser considerados como gastos de capital do Capítulo VI do estado de gastos do orzamento municipal e, en consecuencia, poden ser satisfeitos con Patrimonio Municipal do Solo”.

Pola nosa banda, entendemos que a consideración como gasto de investimento, de gastos que participen de natureza financeira e en consecuencia a súa consideración en xeral como maior valor do prezo de adquisición dun ben inmovilizado, é independentemente de que os mesmos se devenguen como consecuencia dunha demora no pago dunha obrigación económica ou de demora no cumprimento -culpable ou non- dunha obriga en xeral, é en puridade a activación de tales gastos financeiros de índole moratoria, isto é, a súa imputación como maior prezo de adquisición do ben inmovilizado en cuestión, dependera, en primeiro lugar, de que exista unha relación directa e obxectiva entre a operación de endebedamento que orixina os gastos e o ben a que deben incorporarse ditos gastos, e en segundo lugar, ademais, que tales gastos financeiros se teñan devengado con anterioridade á posta en condicións de funcionamento do ben en cuestión. Así se infire dos criterios de valoración do inmovilizado que como desenvolvemento dos principios contables públicos se recollen na quinta parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á administración local.

Polo tanto e en relación con estes requisitos enunciados, concluímos que, sen prexuízo da contundencia do informe xurídico sobre o carácter de investimento ou capital dos gastos derivados das resolucións xudiciais e a admisión do seu conseguinte financiamento cos recursos do PMS propostos, pode o órgano resolutorio, se así o estima conveniente, solicitar ampliación do informe en orde a deixar constancia e acreditación da concorrencia de tales requisitos que deixamos expostos, e isto a efectos da consecvente activación de tales gastos e indemnizacións.

Todo iso, claro está, sobre a base de que se poida admitir a interpretación das resolucións xudiciais e a construción xurídica incluídas no informe do Titular da Asesoría Xurídica -que ademais constitúe a premisa de partida da

fundamentación xurídica e económica que sustenta, en relación ao carácter dos gastos dos que dimanan as obrigas de pago e a súa forma de financiamento, a proposta que se esta a informar- de equivalencia do valor dos terreos co valor resultante da patrimonialización dos aproveitamentos urbanísticos, isto é, o valor da edificabilidade prometida e frustrada, a cal constitúe, en definitiva, a reparación substitutoria requirida polas indicadas resolucións xudiciais e a satisfacer por esta Administración municipal, en ambos casos.

Polo demais, coincidimos plenamente respecto da natureza finalista dos recursos do PMS e a afectación a estes dos gastos correspondentes.

Finalmente e conforme ao previsto no artigo 169 e 171 do RD Legislativo 2/2000, cabe sinalar o seguinte:

* O Pleno dispón do prazo dun mes para resolver as reclamacións que se presenten contra o orzamento, contándose este último prazo a partir do día seguinte ao de finalización da exposición ao público e considerándose as reclamacións denegadas, en calquera caso, si non se resolvesen expresamente no acto de aprobación definitiva (artigo 20.1 Real Decreto 500/90, de 20 de abril).

* O quorum necesario é o mesmo que o requirido para a aprobación inicial, isto é, con carácter xeral o de maioría simple.

* O orzamento xeral, definitivamente aprobado, haberá de ser inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, e iso en congruencia cos principios de seguridade xurídica para garantía dos cidadáns e de publicidade das normas que regula o artigo 9.3 da vixente Constitución.

* Así mesmo haberá de remitirse copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma.

* Copia do orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.

* O orzamento entrará en vigor no exercicio correspondente unha vez publicado na forma referida anteriormente. É dicir, se o edito anunciando a aprobación definitiva se publica no BOP antes de comezar o exercicio económico a que se refire o orzamento, isto é, o ano 2010, a entrada en vigor será o 1 de xaneiro seguinte; si a publicación efectúase xa iniciado este exercicio do 2010, o orzamento entrará en vigor o día da súa publicación.

* Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

* A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 6 de abril de 2010, ditaminou favorablemente a proposta citada da concelleira delegada de Economía e Facenda.

(No momento da votación está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Estimar a alegación presentada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo o 25 de xaneiro pola Mercantil, por Cocheras Olívicas de Puentes, SA, nº de documento 100028026, en relación coas obras que se están executando para os aparcadoiros soterrados nas rúas Genaro de la Fuente e Avenida Castela, no senso de que figuran nas aplicacións 1550.6190035 e 1550.6190034 cunhas dotacións de 350.000 euros cada unha delas, cando deberán ser por 468.276,77 euros e 231.723,23 euros respectivamente. A alegación foi vista e analizada polo Sr. Enxeñeiro de Camiños municipal e informada favorablemente, xa que os proxectos modificados que se están a tramitar correspóndense co presuposto antes citado. En canto á lexitimación activa, venlle dada por ser os adxudicatarios da concesión do servizo público de explotación dos aparcadoiros antes citados, resultando polo tanto directamente afectados. A citada alegación non supón alteración cuantitativa do orzamento nin altera as masas presupostarias nin afecta o programa de gasto.

Segundo.- Alegación presentada por dona Elena González Sánchez, con data de entrada 01/03/2010, nº de documento 100029391, como Presidenta da Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao (FAVEC) en representación da mesma, que contén 6 apartados de alegacións con seguinte contido: Alegación 1. Ten dúas partes: Elaboración do Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Vigo. E incrementar os recursos adicados ás entidades sen ánimo de lucro (ESAL) no mesmo nivel que o que ten lugar para as empresas. Alegación 2. Incremento dos orzamentos adicados ás entidades cidadás. Alegación 3. Mantemento do concepto das subvencións de capital ás asociacións de veciños. Alegación 4. Elaboración do Plan Municipal de Participación Cidadá 2010-2015. Alegación 5. Definición dos recursos orzamentarios xestionados polos distritos. Alegación 6. Dotación económica para o “Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos da Área Metropolitana para o

desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo. Resolución das mesmas.

- Estimar en parte a alegación nº 1 da FAVEC, en canto á redacción e aprobación dun Plan Estratéxico de Subvencións. O artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece con carácter xeral que:

“Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria” . O artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, fai unha reprodución literal do contido da Lei 38/2003 LXS en canto ao regulamento do Plan estratéxico de subvencións e obxectivos a acadar. Dende a entrada en vigor da Lei Xeral de Subvencións, tres meses despois da súa publicación no BOE do 18 de novembro de 2003, ata esta data, non se aprobou ningún plan estratéxico, polo tanto, en cumprimento do regulamentado é necesario a súa tramitación e aprobación. O devandito plan deberá establecer os obxectivos xerais da acción de fomento nos distintos programas presupostarios que outorgan subvencións en réxime de concorrencia. Así mesmo, o plan deberá ter en conta o Regulamento de Participación Cidadá vixente.

- Desestimar, por non se axustar ao contido do proxecto do orzamento aprobado, parte da alegación identificada co nº 1 e na súa totalidade a nº 2, xa que as aplicacións orzamentarias evidencian o contrario, sendo o crecemento das aplicacións adicadas ás axudas a Entidades sen Ánimo de Lucro (ESAL) moi superiores cas adicadas ás empresas privadas, isto xa está recollido no proxecto inicialmente aprobado. Desestimar a totalidade da alegación nº 2 por concorrer as mesmas circunstancias orzamentarias que as explicadas para a desestimación de parte da alegación nº 1, tal e como figura no informe comparativo que se achega que se atopa no expediente identificado como “Alegacións”.

- Desestimar a totalidade da alegación nº 3 xa que a partida como tal se atopa recollida nos orzamentos do ano 2010 coa mesma denominación que no ano 2009. Ademais, tendo en conta que a partida obxecto de alegación non supón retroceso no compromiso da concellería de Participación Cidadá coa rede de instalacións xestionadas polas asociacións veciñais, senón máis ben un enriquecemento do fomento da participación cidadá, é causa máis que xustificada para desestimar a alegación.

- Desestimar a totalidade da alegación nº 4, xa que a elaboración dun Plan Municipal de Participación Cidadá, de acordo á alegación presentada tería un custo de 50.000 euros para a elaboración do mesmo. Non parece o máis axeitado, tendo en conta a actual situación económica xeral, acometer este gasto con cargo a este presuposto e que ademais non redundaría nunha mellora da participación da cidadanía na vida municipal, polo que consideramos que o citado gasto sería ineficiente.

- Desestimar a totalidade da alegación 5. Definición dos recursos orzamentarios

xestionados polos distritos. A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do goberno local introduce na Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 128, para os municipios suxeitos ao réxime de gran poboación, a creación da figura dos distritos como divisións territoriais propias, dotadas de órganos de xestión desconcentrada, para impulsar e desenvolver a participación cidadá na xestión dos asuntos municipais. De acordo ao informe emitido polo titular da Asesoría Xurídica, a disposición transitoria primeira da dita Lei de medidas para a modernización do goberno local fixa un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para aprobar as normas orgánicas necesarias para a adaptación da organización dos municipios de gran poboación ao réxime do Título X LRBRL, pero é o caso que a creación dos distritos polo Pleno desta Corporación, a súa regulamentación e a determinación en norma de carácter orgánico da porcentaxe mínima de recursos orzamentarios a xestionar en conxunto por estes, non foi aínda aprobada, polo que, en tanto tal regulamentación e a concreta asignación de funcións para o seu exercizo desconcentrado non se produza, non é posible nos orzamentos a aprobar definir os recursos orzamentarios a xestionar polos distritos.

– Desestimar a totalidade da alegación 6. Dotación económica para o “Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos da Área Metropolitana para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de Vigo”, polas razóns xustificadas no informe do xefe da Área de seguridade mobilidade e transportes e conformado polo Sr. Concelleiro Delegado.

Terceiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Uxío González Pérez, en data 02/03/2010, nº de documento 100030055, en nome e representación da Mancomunidade de Montes de Vigo, que desglosa en catro peticións, coa xustificación e motivación técnica que figura no informe do xefe do servizo de Parques Montes e Xardíns e que en síntese di o seguinte:

– Alegación 1, relativa á dotación dunha partida para facer fronte a traballos de mellora dos parques forestais, desestímase por existir xa unha partida denominada “Desbroce, limpeza de parques forestais e tratamentos fitosanitarios” cunha dotación de 323.693,04 euros, destinada ao mantemento dos parques forestais. Existindo igualmente partidas destinadas a investimentos por un importe de 2.270.000 euros.

– Alegación 2, en canto á solicitude de consignación para a mellora dos accesos públicos aos parques forestais, esta en todo caso é unha competencia da Concellería de Servizos Xerais, existindo na mesma dotación para facer fronte aos arranxos dos viais públicos de acordo a unha orden de prioridades, tendo en conta a propia limitación dos recursos orzamentarios e, sobre todo, atendendo aos arranxos en función de usos e utilidades dos accesos, polo que procede desestimala.

– Alegación 3, en canto á dotación para a posta en valor dos montes mediante a formación en micoloxía e xestión forestal aplicada. Desestimala por se tratar dun proxecto transversal no que estarían implicadas as Concellerías de Turismo, Cultura, Educación, Montes e a propia Mancomunidade de Montes, debendo estudarse e pactarse un calendario de actuacións encamiñadas a obter e conseguir esa posta en valor, así como as achegas que lle corresponderían á Mancomunidade de Montes e cales poderían ter encaixe nos orzamentos municipais.

– Alegación 4, desestimar a solicitude de dotación dunha partida por un importe de 808.298,67 euros, para o proxecto de sendeirismo, polas mesmas xustificacións que as xa expostas na alegación 3, ao tratarse dun proxecto transversal onde están implicadas distintas concellerías, é necesario facer un estudo de cales van ser os compromisos de cada unha das partes e da Mancomunidade de montes, así como o calendario de desenvolvemento.

O Artigo 21 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en mano común, regula, “1. *El aprovechamiento y disfrute de los montes vecinales en mano común corresponde en origen exclusivamente a la comunidad titular y se hará según las normas recogidas en sus estatutos, en esta Ley y en las disposiciones que la desarrollen.* 2. *Los rendimientos que produzca el monte, respetando lo dispuesto en el artículo 23 de esta Ley, se dedicarán, en todo o en parte y según acuerden los estatutos o la Asamblea general, a obras o servicios comunitarios con criterios de reparto proporcional entre los diversos lugares, a inversiones en el propio monte o a reparto, total o parcial, en partes iguales entre todos los comuneros. Los rendimientos no individualizables se repartirán, en todo caso, en partes iguales entre todos los comuneros.* El Artículo 23. *De todos los rendimientos económicos que se puedan derivar de los aprovechamientos, se reserva una cantidad, que se debe fijar en los estatutos, y en todo caso nunca inferior al 15 % de aquellos, para inversiones en mejora, protección, acceso y servicios derivados del uso social al que el monte pueda estar destinado”.*

En canto ás alegacións que presenta o colectivo dos empregados públicos, a proposta de estimación ou desestimación, faise a teor do informe da xefa de Recursos Humanos. Como xa ven sendo unha tradición xa case consolidada, a maioría das alegacións ao Capítulo I presentadas durante o trámite de exposición pública responden a solicitudes de incrementos salariais –tanto individualizados como concretados en relación a colectivos determinados– por parte dos propios empregados/as públicos municipais, así como a cuestións referidas á organización municipal e estrutura dos servizos ou unidades administrativas, con respecto ás cales –como reiteradamente se ven facendo polos servizos de persoal no informe ao Capítulo I do proxecto de Orzamentos Municipais e aos informes de aprobación da Relación de Postos de Traballo– que consonte a lexislación actualmente vixente en materia de réxime local –constituída principalmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios sometidos ao réxime xurídico de grande poboación o Pleno do Concello unicamente ostenta competencias en materia de persoal en canto a:

- Aprobación e modificación dos regulamentos municipais (artigo 123.1.d), entre os cales se incluírían os instrumentos reguladores das condicións sociais, económicas e laborais do persoal funcionario e do persoal laboral ao servizo do Concello, respectivamente.
- Aprobación do cadro de persoal vinculado á dos orzamentos municipais (artigo 123.1.h).

En consecuencia, a totalidade das pretensións de natureza retributiva ou económica constitúen o obxecto principal do instrumento regulamentario denominado Relación de Postos de Traballo ou RPT, cuxa aprobación compete á Xunta de Goberno Local,

artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e non ao Pleno do Concello, como si sucede nos municipios suxeitos ao réxime común e sucedía neste Concello con anterioridade á entrada en vigor do réxime de municipios de grande poboación anteriormente referenciado. Pásase de seguido á proposta de resolución de cada unha delas.

Cuarto.- Desestimar a alegación presentada por D. Ramón Méndez Martínez en data 26/02/2010 (documento nº 100028397) solicitando o incremento de retribucións complementarias propias do posto de traballo; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Quinto.- Desestimar a alegación presentada polo Comité de Persoal do Concello de Vigo en escrito de data 02/03/2010 (documento nº 100030298) relativo a un presunto erro de cálculo en relación ás retribucións do persoal; segundo a revisión dos cálculos efectuada polos técnicos adscritos a este Servizo, non se observan incorreccións no documento económico-contable que se remitiu para a formación do orzamento. Consecuentemente, e toda vez que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Sexto.- Desestimar a alegación presentada pola Sección Sindical da CIG en data 03/03/2010 (documento nº 100031048) en relación con determinados aspectos do Capítulo I do orzamento de gasto. Debe lembrarse que o documento económico-contable confeccionado foi sometido a negociación coa representación sindical dos empregados públicos municipais ao servizo do Concello de Vigo, segundo consta nas actas das sesións da Mesa Xeral de Negociación realizadas en datas 30 de decembro de 2009, 4 e 18 de xaneiro, e 8 de febreiro de 2010 entre o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e os sindicatos con representación no Concello de Vigo ao abeiro do disposto no artigo 37 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no cal se establece a obriga de someter a negociación colectiva, entre outras materias, a aplicación do incremento das retribucións do persoal ao servizo das Administracións Públicas que se estableza na Lei de Orzamentos Xerais do Estado e das Comunidades Autónomas, a determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios e as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos (apartado 1, letras a), b) e c) do dito precepto).

A dita obriga pode entenderse cumprida, dende o momento en que as actas están asinadas pola totalidade dos asistentes ás sesións da dita Mesa, constituíndo a negociación colectiva unha obriga de medios e non de resultados.

Non estando en ningún dos supostos legalmente consignados de alegación, procede ser desestimada.

Sétimo.- Desestimar a alegación presentada por D. Francisco Javier Neira Henche, Manuel Pérez Fernández e Narciso Saavedra González en data 03/03/2010 (documento nº 100031050) solicitando a singularización das prazas que ocupan en atención á especialidade das funcións que realizan; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración das prazas é competencia que reside no Pleno do Concello, pero en cuxo proxecto non se recolle a modificación solicitada.

Oitavo.- Desestimar a alegación presentada por D. Eudocio Álvarez Álvarez en data 03/03/2010 (documento nº 100031093) en relación coa denominación do postos de traballo “encargado de obras medioambientais” adscrito ao Servizo de Patrimonio Histórico; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Noveno.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Ángel Alfredo Ferro Mancho en escrito de data 04/03/2010 (documento nº 100031640) solicitando o cambio de grupo de titulación da praza da cal é titular do subgrupo C2 aos subgrupo C1; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración das prazas é competencia que reside no Pleno do Concello, pero en cuxo proxecto non se recolle a modificación solicitada.

Décimo.- Desestimar a alegación presentada por D^a María Teresa Vaqueiro Herbello en data 04/03/2010 (documento nº 100031738) solicitando o incremento de retribucións complementarias propias do posto de traballo; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Undécimo.- Desestimar-las alegacións presentadas por D. Gumersindo Vázquez Pedrido en escrito de data 04/03/2010 (documento nº 10031759) solicitando o cambio de grupo de titulación da praza da cal é titular do subgrupo C2 aos subgrupo C1; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5

de marzo, dado que a configuración das prazas é competencia que reside no Pleno do Concello, pero en cuxo proxecto non se recolle a modificación solicitada.

Duodécimo.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Jesús Rodríguez Durán e outros en escrito de data 04/03/2010 (documento nº 100031761) en relación á concorrencia dun presunto erro referido ás contías da partida orzamentaria denominada “fondo adecuación de postos de traballo”. Debe salientarse que, consonte sinala a técnica de Avaliación e Formación en informe de data 11/03/2010, os postos de traballo de suboficial do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento foron incluídos na adecuación retributiva aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 21/05/2009; á vista do cal, non se atopan nos supostos contemplados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Décimo terceiro.- Desestimar a alegación presentada por D. César Casás González en escrito de data 04/03/2010 (documento nº 100031764) en relación á concorrencia dun presunto erro referido á configuración da praza denominada “oficial de xestión de base de datos” , con respecto á cal debe salientarse que, consonte sinala a técnica de Avaliación e Formación en informe de data 11/03/2010, deberá ser na configuración do posto de traballo onde se efectúen as definicións que procedan, sempre que conste a necesidade do servizo debidamente acreditada. Por tanto considérase que alegación formulada non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Décimo cuarto.- Desestimar as alegacións presentadas por D^a Avelina Santiso Gil en escrito de data 04/03/2010 (documento nº 100031769) solicitando o cambio de denominación da praza da cal é titular. En relación coa dita alegación, debe lembrarse que a alegante participou no procedemento de provisión de posto de traballo polo sistema de libre designación convocado pola Comisión de Goberno en acordo de data 11/12/2000, a fin de proceder á cobertura do posto de traballo vacante denominado “Xefe/a da Unidade Técnica de Medio Ambiente”, asociado a unha praza de Licenciado en Bioloxía-Técnico Superior de Medio Ambiente, escala de Administración Especial, subgrupo A1.

Debe salientarse que a configuración do cadro de persoal orzamentario debe respostar aos principios de racionalidade, eficiencia e economía, debendo considerarse que calquera alteración na denominación das prazas sen vir motivada polas necesidades urxentes do servizo ou transformacións motivadas en posteriores procedementos de promoción interna ou funcionarización deberán efectuarse no marco dun plan de reordenación dos recursos humanos ao servizo do Concello e non individual e illadamente, sempre nos termos do establecido nos artigos 69 a 77 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Adicionalmente e toda vez que dita alegación non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e

retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h.) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, procede desestimala

Décimo quinto.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Fernando Fernández Amil e outros en escrito de data 04/03/2010 (documento nº 10031783) solicitando o cambio de grupo de titulación das praza das cales son titulares do subgrupo transitorio E ao subgrupo C2; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración das prazas é competencia que reside no Pleno do Concello, pero en cuxo proxecto non se recolle a modificación solicitada.

Décimo sexto.- Desestimar a alegación presentada por D^a Concepción Rodríguez Garrido en data 04/03/2010 (documento nº 100031796) solicitando o incremento de retribucións complementarias propias do posto de traballo; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h.) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Décimo sétimo.- Desestimar a alegación presentada por D. Eduardo Rejo Portela en escrito de data 04/03/2010 (100031838) manifestando a inexistencia de partida específica para facer fronte ás obrigas retributivas derivadas do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, xa que sobre o Capítulo I informou a responsable de Recursos Humanos en data 27/01/2010 con motivo da tramitación do proxecto de orzamentos municipais para o ano 2010. En calquera caso e polo que respecta á representación sindical dos funcionarios/as e traballadores/as do Concello, lémbrese que o proxecto de orzamentos municipais foi obxecto de negociación colectiva nos termos do establecido no Capítulo IV, Título III, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (artigos 31 a 46 inclusive), configurando a Lei a negociación colectiva como un dereito dos empregados públicos, que se articula a través da representación e conseguinte participación institucional das organizacións sindicais, pero que en ningún suposto se define como unha obriga de resultados, senón máis ben de medios, podéndose entender formalmente cumprida.

Décimo oitavo.- Desestimar a alegacións presentadas por D. Juan A. Zaragoza Bastos en escrito de data 04/03/2010 (documento nº 10031948) solicitando o cambio de grupo de titulación da praza da cal é titular do subgrupo C2 ao subgrupo C1; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración das prazas é competencia que reside no Pleno do Concello, pero en cuxo proxecto non se recolle a modificación solicitada.

Décimo noveno.- Desestimar as alegacións presentadas por D^a Áurea Soto Lago en

escrito de data 04/03/2010 (documento nº 32608, entrada no rexistro xeral do Concello o 10/03/2010) manifestando o presunto agravio comparativo xerado coa transferencia de prazas ao Organismo Autónomo Municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, por considerar que non ten sido consultada.

Sobre a dita amortización de prazas no cadro de persoal orzamentario do Concello xa se informou pola Xefa de Recursos Humanos no informe ao Capítulo I dos Orzamentos de data 27/01/2010. Lémbrese adicionalmente que a dita amortización e conseguinte transferencia foi negociada coa representación sindical dos empregados públicos municipais ao servizo do Concello.

En canto ao aspecto relativo ás retribucións complementarias propias do posto de traballo, este non se atopa encadrado en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sempre respectando o cadro de persoal orzamentario que se someta ao criterio do Pleno, polo que procede ser desestimada.

Por último e polo que respecta á falta de exposición ao público dos datos relativos ao posto de traballo e á praza, manifestar, que a Relación de postos de Traballo non en un documento que conforma os anexos regulamentados no art. 168 do TRLRHL, sendo o cadro de persoal e as especificacións de cada un dos postos, os documentos relativos as modificacións do cadro de persoal formaron parte do expediente que estiveron expostos o público, xa que aqueles interesados que o quixeron consultar o tiveron a súa disposición.

Vixésimo.- Desestimar a alegación presentada por D^a Amparo Salgado López en data 04/03/2010 (documento nº 100031792) solicitando o incremento de retribucións complementarias propias do posto de traballo; alegación que non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Vixésimo primeiro.- Desestimar a alegación presentada o orzamento da Xerencia de Urbanismo por D. José Román Carrera e D. Alberto Moreno García, en data de 04/03/2010, nº de documento 100031757, en nome da mercantil “GESTIÓN Y PROMOCIONES DE COMPOSTELA, S.R.L, xa que en execución da Resolución do Sr. Delegado de Urbanismo de data 26 de febreiro de 2010, estése a tramitar un expediente de modificación orzamentaria para facer fronte aos gastos que fundamentan a alegación presentada. A xustificación do gasto tivo a súa orixe na urxencia da apertura da residencia promovida pola Xunta de Galicia para dar cumprimento ao protocolo de colaboración asinado polo Concello e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, o que implicou a execución inmediata das obras de

urbanización do camiño do Arieiro-Bembrive. Unha vez rematada a tramitación do citado expediente, en decembro de 2008 propúxose ó Consello da Xerencia de Urbanismo a aprobación do recoñecemento de crédito correspondente á factura nº 162, serie FE08, de 7 de outubro de 2008 da entidade mercantil “Construcciones Crespo, S.L.”, polo concepto de “Urbanización da rúa Arieiro, Bembrive (acceso á residencia da terceira idade)” e un importe de 61.755,97 euros. Esta proposta non foi aprobada polo Consello da Xerencia, procedéndose entón ao arquivo do expediente, co número 3.376/407, por parte dos Servizos Centrais da Xerencia de Urbanismo. Neste expediente mantense a constatación da realización da obra e da súa certificación polo citado importe de 61.755,97 euros. En base ao anterior e de acordo á Resolución do Sr. Delegado de Urbanismo de data 26 de febreiro de 2010, iniciouse con anterioridade o expediente de modificación do presuposto prorrogado para facer fronte ao gasto acreditado, non sendo polo tanto estimable a alegación.

Vixésimo segundo.- Estimar a reclamación presentada ao orzamento da Xerencia de Urbanismo o 4 de marzo de 2010 por María Mercedes Mesía e por M^a José Claro Samaniego, en data 04/03/2010, nº de documento 100031789, relativa á petición de “subsanción de erro ao denominar dúas prazas de programador-operador cando deben denominarse programador de informática”. Efectivamente as prazas foron ofertadas e convocadas como de “programador de informática” e debe manterse, por tanto, esta denominación; sen prexuízo de que na relación de postos de traballo se especifique que os programadores de informática desta Xerencia Municipal de Urbanismo desenvolverán, cando sexa necesario, funcións de operador informático. Por tanto, debe corrírse no cadro de persoal, incluído no orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, a denominación de “PROGRAMADOR-OPERADOR INFORMÁTICO”, pasando a “PROGRAMADOR INFORMÁTICO”.

Vixésimo terceiro.- Desestimar a alegación ao orzamento da Xerencia de Urbanismo, presentada por D. Iván A. Ramos Lamas, con data de entrada 17/02/2010, nº de documento 100031476, relativa á petición de transformación “dunha praza de arquitecto técnico (A2) en enxeñeiro da edificación (A1), ó obxecto de adaptala á nova titulación e poder convocala mediante promoción interna”. Visto o contido da mesma, a devandita reclamación non se atopa nos supostos taxados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sendo en todo caso competencia da Xunta de Goberno Local no trámite de aprobación da Relación de Postos de Traballo.

Vixésimo cuarto.- Desestimar a alegación presentada o orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, por D. Aurelio Adán Fernández, con data de entrada do 17/02/2010, nº de documento 100023740, relativa a que se tome en consideración a nova titulación de enxeñeiro da edificación (RD 1393/2007) se adecúen as prazas vacantes e pendentés de concurso de titulacións técnicas prevista na RTP da Xerencia de Urbanismo ou outro organismo autónomo ou do propio Concello, se transformen as que se consideren oportunas, para a integración na titulación de enxeñeiro da edificación. Visto o contido da mesma, a devandita reclamación non se atopa nos supostos taxados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sendo en todo caso competencia da Xunta de Goberno Local no trámite de aprobación da Relación de Postos de Traballo.

Vixésimo quinto.- Alegación presentada o orzamento da Xerencia de Urbanismo con data 4 de marzo de 2010 pola sección sindical de FSP-UGT, nº de documento 100031754, con seguinte contido: Alegación 1º) subsanación de erro de denominación de dúas prazas como “programador-operador”. Alegación 2º) creación praza de enxeñeiro da edificación. Alegación 3º) praza de técnico de sistemas, equiparación con prazas do concello. Alegación 4º) transferencia e transformación de prazas de auxiliar administrativo. Alegación 5º) subsanación erro denominación de prazas de técnico superior de urbanismo. Alegación 6º) transferencia e transformación de praza axudante en oficial, pasando de seguido a análise nos tres apartados seguintes:

Desestimar a reclamación en relación cos apartados 2º, 3º, 4º e 6º, por non se atopar encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ademais a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal e dos seus organismos autónomos (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Estimar a alegación en relación co apartado 1º, relativos á subsanación de erros nas denominacións de determinadas prazas. En relación coa denominación das prazas de “programador-operador informática” (apartado 1º), debe informarse que efectivamente as prazas foron ofertadas e convocadas como de “programador de informática” e que debe manterse, por tanto, esta denominación; sen prexuízo de que na relación de postos de traballo se especifique que os programadores de informática desta Xerencia Municipal de Urbanismo desenvolverán, cando sexa necesario, funcións de operador informático.

Estimar a alegación en relación co apartado 5º pola denominación das dúas prazas de “técnico superior de urbanismo”, xa que se corresponden con dúas prazas provenientes do cadro de persoal do Concello de Vigo, en concreto con dúas prazas de técnico de administración xeral: unha ocupada en propiedade e a outra vacante. Estas prazas elimínanse no cadro de Concello-entidade matriz e créanse no cadro do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”. A correspondencia destas prazas cos “postos-prazas orzamentarias” de “Xefe de Intervención en Edificación” e de “Xefe de Xestión de Vivenda e Solo” (denominación dada pola última relación de postos de traballo aprobada polo Concello de Vigo) no impedirá a provisión destes postos por funcionarios con outras prazas distintas ás de técnico de administración xeral. Polo tanto deben eliminarse as prazas de “técnico superior de urbanismo” e aumentar o número de prazas de técnico de administración xeral, pasando o seu número de 12 a 14.

Vixésimo sexto.- Desestimar a alegacións presentada o orzamento do Instituto Municipal dos Deportes pola Confederación Intersindical Galega ao orzamento do OA Instituto Municipal dos Deportes, en escrito de data 0/03/2010 (documento nº 10031057), por non se atopar a mesma encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

As alegacións que de seguido se relacionan, teñen a mesma pretensión, a de reflectir nos orzamentos que están en trámite o importe das contías económicas en relación ás sentenzas favorables a prol da Entidade Mercantil MIRAFLORES, SA, e da presentada polo avogado D. Juan Yarza Urquiza en nome da familia Paiva. Sobre o asunto de referencia, solicitouse informe ao titular da Asesoría Xurídica do Concello, no que en síntese di:

Dando por sentada a necesidade de incluír nos orzamentos para o ano 2010 as consignacións orzamentarias precisas a tal pago, co obxecto de dar puntual cumprimento as sentenzas que nos ocupan, cumpre, en resposta á petición da Alcaldía, analizar a posibilidade de satisfacer as ditas obrigas con cargo a bens do patrimonio municipal do solo. No apartado V do informe "CONCLUSIÓN", di: *"Así as cousas, entende este informante que as obrigas económicas declaradas nas sentenzas que nos ocupan —principal e xuros—, excepción feita, no caso do convenio con Miraflores Vigo, S.A., dos gastos realizados por esta para materializar o aproveitamento urbanístico prometido e finalmente frustrado e os xuros correspondentes, poden ser consideradas como gastos de capital do Capítulo VI do estado de gastos do orzamento municipal e, daquela, poden ser satisfeitas con bens do Patrimonio Municipal do Solo.*

Con todo, debe de precisarse que ao constituír o produto do alleamento do Patrimonio Municipal do Solo un ingreso afectado, de conformidade co artigo 173 TRLRFL, non se poderá proceder ao pago das obrigas declaradas xudicialmente con cargo ao dito produto en tanto non conste o compromiso firme de achegamento do prezo do alleamento polo adxudicatario do mesmo.

Polo demais, o alleamento de terreos do patrimonio municipal do solo deberá realizarse con observancia das esixencias do artigo 177 LOUGA e concordantes.

Finalmente, na medida en que o eventual alleamento dos bens do Patrimonio Municipal do Solo haberá necesariamente de prolongarse no tempo máis alá do prazo que a Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa permite antes de facultar para instar a execución forzosa, esta Administración municipal deberá facer uso da facultade prevista no artigo 106.4 LRXCA, a fin de poñer en coñecemento do Xulgador a necesidade de dispoñer do tempo necesario para proceder ao alleamento das parcelas necesarias para facer fronte aos pagos a que obrigan as tan repetidas sentenzas e o grave trastorno que para a Facenda Municipal tería calquera outra forma de cumprimento, a cuxo fin se achegará unha proposta razoada, para que o Xulgador, escoitadas as partes, resolva sobre o modo de executar a sentenza do modo menos gravoso para esta administración municipal". A vista do informe emitido e das súas conclusións, procede:

Vixésimo sétimo.- Estimación parcial das alegacións presentadas por D. Juan Yarza Urquiza en nome e representación de D. Fernando Paiva Parada, Da. M^ª Teresa Paiva Parada Ramos e Hdos. de D. Antonio G. Paiva Parada, con data de entrada 04/03/2010, documento 100031606, D. Jorge Conde Gil, con data de entrada 04/03/2010, documento 100031746, D. Cándido Alonso Comesaña, con data de entrada 04/03/2010, documento 100031561 e D. Ubalduino Rodríguez Bello, en nome e representación da Entidade Mercantil MIRAFLORES VIGO, SA, con data de entrada 02/03/2010, documento 100030376, incluíndo no estado de gastos do orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo o importe de 10.993.115,92 euros, dos que

1.244.417,99 euros teñen por finalidade a de facer fronte á indemnización da sentenza da familia Paiva, e 9.748.697,93 euros, para facer fronte ao auto do nove de febreiro de 2010 así como os que se produzan en relación co resto da indemnización, sen incluír os gastos de xestión dos aproveitamentos e xuros dos gastos, xa que os mesmos non son financiados con PPS tal e como informa o titular da Asesoría Xurídica. En canto a estes últimos, cuantificados a esta data en 732.824,85 euros, instrumentarase nunha modificación presupostaria posterior unha vez que se produza o Auto e veña determinada a contía. A aplicación no orzamento de gastos que recollerá as indemnizacións será a 1510.6090005 (indemnizacións por Patrimonio Público do Solo), proxecto 10151005, e o concepto no estado de ingresos onde se apliquen os resultados dos alleamentos que se fagan dos bens patrimoniais que se relacionan de seguido será o 60305, (alleamento de patrimonio público do solo), proxecto 10151005.

Tendo en conta que o produto do alleamento do patrimonio municipal do solo é un ingreso afectado, de conformidade co artigo 173 TRLRFL, non se poderá proceder ao recoñecemento das obrigas e pago das mesmas declaradas xudicialmente con cargo ao dito produto en tanto non conste o compromiso firme de achegamento do prezo do alleamento polo/os adxudicatario/os dos mesmos. Por iso, unha vez que o orzamento estea definitivamente aprobado, comezarase rapidamente a tramitar o expediente para a consecución dos resultados.

Identificación dos bens que conforman patrimonio público do suelo, titularidade do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo: Os bens que serán obxecto da poxa e que terán como finalidade facer fronte as alegacións en relación as sentencias xudiciais son os seguintes:

Localización	Identificación	M2 edificabilidade	Valoración tec.
Praza Elíptica	PMS Nº 49	4.066,50	7.376.081,70
Rúa Miragaia, R. Castr.II	PMS nº 156	3.030,00	5.672.517,99
Total		7.096,50	13.048.599,69

Os expedientes de valoración, así como a acreditación da titularidade dos mesmos figuran no expediente. En canto ao importe, tan só se eleva ao orzamento a contía necesaria para facer fronte ás indemnizacións coa excepción do gasto que non é financiable con patrimonio público do solo (10.993.115,92 euros), polo tanto, cos resultados adicionais se fose o caso, xerarase o crédito e adicarase aos fins específicos do PPS.

Vixésimo oitavo.- Aprobar definitivamente, tendo en conta a resolución das alegacións presentadas, o presuposto xeral do Concello de Vigo para o ano 2010, integrado por:

- Presuposto da Entidade Local
- Presuposto do OA Instituto Municipal do Deportes.
- Presuposto do OA Escola Municipal de Artes e Oficios
- Presuposto do OA Xerencia Municipal de Urbanismo
- Presuposto do OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo

Presuposto da Entidade Local e Estados Consolidados

Orzamento de gastos			Orzamento ingresos		
Capítulo	Entidade	Consolidado	Capitulo	Entidade	Consolidados
I	62.272.028,83	70.902.061,07	I	91.706.600,00	91.706.600,00
II	100.853.886,51	108.835.458,17	II	8.617.360,00	8.617.360,00
III	1.754.797,42	1.754.827,42	III	35.287.563,26	42.552.416,91
IV	30.439.563,70	18.903.882,34	IV	68.162.465,96	65.929.900,92
V			V	3.751.654,00	3.874.160,75
TOTAL G.Co.ONF	195.320.276,46	200.396.229,00	TOTAL I.Co.ONF	207.525.643,22	212.680.438,58
VI	31.847.346,70	43.347.845,93	VI		10.993.115,92
VII	4.337.829,47	3.909.288,98	VII	6.267.492,00	6.267.492,00
TOTAL G.Cp.ONF	36.185.176,17	47.257.134,91	TOTAL I.Cp.ONF	6.267.492,00	17.260.607,92
TOTAL G.Op.NF	231.505.452,63	247.653.363,91	TOAL I.Op.NF	213.793.135,22	229.941.046,50
VIII	601.000,00	697.040,48	VIII	600.000,00	696.040,48
IX	9.286.682,59	9.286.682,59	IX	27.000.000,00	27.000.000,00
TOTAL G.O.Cp.F	9.887.682,59	9.983.723,07	TOTAL I.O.Cp.F	27.600.000,00	27.696.040,48
TOTAL G.Op.Cp	46.072.858,76	57.240.857,98	TOTAL I.Op.Cp.	33.867.492,00	44.956.648,40
T. XERAL GASTOS	241.393.135,22	257.637.086,98	T.XERAL INGRESO	241.393.135,22	257.637.086,98

Presuposto dos organismos autónomos administrativos

Cap.	IMD		Xerencia M. Urbanismo		EMAO		P. Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.190.000,00		4.332.337,03		1.086.699,31		955.858,68	
II	5.207.025,13		1.867.650,32		315.563,63		680.332,58	
III		2.822.682,43		4.011.805,21		6,01	30,00	430.360,00
IV	185.681,34	4.720.024,04	2.156.077,48	4.333.156,04	41.830,26	1.436.075,17	48.000,00	1.271.312,93
V		40.000,00		11.103,58		10.012,02		61.391,15
VI	150.000,00		11.111.656,41	10.993.115,92	40.000,00		198.842,82	
VII		150.000,00		118.540,49		40.000,00		120.000,00
VIII	24.040,48	24.040,48	30.000,00	30.000,00	12.000,00	12.000,00	30.000,00	30.000,00

TOT	7.756.746,95	7.756.746,95	19.497.721,24	19.497.721,24	1.496.093,20	1.498.093,20	1.913.064,08	1.913.064,08
-----	--------------	--------------	---------------	---------------	--------------	--------------	--------------	--------------

Vixésimo noveno.- Aprobar as Bases de Execución que serán de aplicación á entidade local e os seus organismos autónomos, coa salvidade das bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Trinta.- Aprobar as Bases de Execución específicas dá Xerencia Municipal de Urbanismo.

Trinta e un.- Aprobar o cadro de persoal dá Entidade Local. Aprobar o cadro de persoal dous seus organismos autónomos administrativos relacionados no apartado 28.

Trinta e dous.- Axustar tecnicamente toda a documentación que conforma o expediente do orzamento tendo en conta as alegacións estimadas e as variacións que orixina a aprobación da proposta.

Trinta e tres.-Axustar os custes imputados da Seguridade Social á nova estrutura orzamentaria. A estrutura presupostaria aplicable ao presuposto aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 11 de febreiro de 2010, é a regulamentada pola orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais, sendo de aplicación aos presupostos do ano 2010. Non entanto o anterior, por Resolución do 14 de setembro de 2009, a Dirección Xeral coas Comunidades Autónomas e Entidades Locais, desenvólvense aspectos relativos á orde 3565/2008, en canto á estrutura aplicable ao presuposto prorrogado, Agrupación de presupostos pechados, subministro de información e outros aspectos relacionados coa precitada orde. En canto ao presuposto prorrogado, tense que manter a estrutura presupostaria do 20 de setembro de 1989.

A nova estrutura presupostaria obriga a imputar os custos de Seguridade Social a cada programa presupostario, isto supón unha nova en relación coa estrutura do 20 de setembro de 1989, na que o gasto de Seguridade Social a cargo do empregador imputábase na súa totalidade ao programa 3131. A execución do presuposto prorrogado no transcurso do ano 2010 ata a entrada en vigor do novo presuposto, estivo suxeita á estrutura da orde do 20 de setembro de 1989, o que supuxo que a imputación dos gastos correspondentes á Seguridade Social dos meses de xaneiro, febreiro e a liquidación definitiva do ano 2009, se imputasen ao programa orzamentario 3131, partida 1600000 por aplicación da normativa vixente, por iso é preciso axustar a execución á nova estrutura antes de facer o traspaso do orzamento prorrogado sobre o que se aproba. Coa nova estrutura, o programa 2210 (outras prestacións económicas aos empregados) que é o equivalente ao 3131 da estrutura do 20 de setembro de 1989, non ten dotación ningunha nesa partida, polo que e necesario, traspasar (reducir a dotación de créditos) de cada un dos programas presupostarios que de seguido se relacionan, partida 1600000 e dotar a aplicación 2210.1600000 polo importe executado no precitado período. De non proceder a este axuste técnico, quedaría rachada a bolsa de vinculación xurídica de créditos correspondente ao programa 2210. Os programas que deberán ser obxecto do axuste á baixa polo gasto tramitado son os seguintes:

1320, 1330, 1340, 1350, 1510, 1520, 1550, 1620, 1640, 1650, 1692, 1694, 1710, 1720, 2310, 2410, 3130, 3131, 3133, 3134, 3210, 3241, 3320, 3330, 3340, 3360, 3370, 3380, 3410, 3420, 4320, 4930, 9120, 9220, 9221, 9222, 9223, 9224, 9226, 9227, 9230, 9240, 9310, 9360.

O programa que será obxecto do axusta ao alza polo mesmo importe que as baixas nos programas referenciados é o 2210. A partida económica que será obxecto dos axustes será a 160.0000. Os importes están sendo obxecto de cálculo polas unidades de persoal, nóminas, informática e contabilidade. Os axustes non alterarán en ningún caso o importe da partida 160.0000, supón nada máis un axuste por programas de gasto atendendo á nova estrutura presupostaria.

Trinta e catro.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Presuposto Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos presupostos que o integran.

Trinta e cinco.- Do Presuposto Xeneral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

Trinta e seis.-O Presuposto entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e producirá os seus efectos dende o un de xaneiro.

Trinta e sete.- De acordo ao previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do presuposto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do presuposto definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

O expediente está conformado polo presuposto da entidade local e dos seus organismos autónomos administrativos e contén a seguinte documentación:

- 1/2.- Dous libros referidos ó presuposto da entidade local, un referido ó presuposto da entidade e outro cos estados consolidados.
- 3/4.- Memoria e bases de execución.
- 5.- Informe económico de gastos.
- 6.- Informe económico de ingresos.
- 7.- Avance da liquidación a 30.09.2009.
- 8.- Resume da liquidación do ano 2008
- 9.- Plantilla, cadro de persoal e informe sobre a plantilla e instrucións para formación da mesma.
- 10.- Estado da débeda e escenario para os tres anos, principal e xuros.
- 11.- Relación de operacións de capital e financiamento asociado.
- 12.- Expediente administrativo conformado pola proposta, informe do Sr. Interventor municipal e oficios de carácter interno.
- 13.- O presuposto dos organismos autónomos está conformado por un libro cada un.
- 14.- Valoración técnica patrimonio público do solo.

Toda a documentación sinalada dilixénciase por esta Secretaría Xeral do Pleno coa

data da aprobación plenaria.

3.- (63).- PLAN DE EQUILIBRIO ECONÓMICO FINANCEIRO DO ORZAMENTO 2010.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, no Pleno do Concello, en sesión do día 11 de febreiro de 2010, deuse conta da elaboración dun plan económico-financeiro.

Con data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de marzo, documento número 100041149, don José Antonio Pérez Torres, no nome e representación da entidade mercantil Consuljamegalega, SL, presenta plan económico-financeiro para o concello de Vigo, documento que se atopa no expediente composto de 137 páxinas debidamente dilixenciadas por esta Secretaría Xeral do Pleno.

A concelleira delegada de Economía e Facenda, con data 25 de marzo, emite o seguinte informe-proposta:

“O Pleno do Concello de Vigo en sesión do 11 de febreiro de 2010, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2010, incluíndo unha previsión de endebedamento por un importe de 27.000.000 de euros, coa que financiar o plan de investimentos contemplado no devandito proxecto orzamentario.

O acceso ao mercado de capitais para financiar o plan de investimentos por unha contía superior aos capitais que se amortizan no ano 2010, supón un desequilibrio nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-95).

En cumprimento do recollido no art. 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás Entidades locais (BOE número 264 do sábado 3 de novembro do 2007), no informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade emitido polo Sr. Interventor Xeral Municipal con data 2 de febreiro de 2010, pon de manifesto que o importe total dos investimentos (empregos de capital) contidos no orzamento consolidado para o ano 2010, que acadan a cifra de 36.264.018,99 euros, finánciase con ingresos cuxo orixe é o aforro bruto por importe total de 12.341.110,68 euros, e con ingresos de capital por importe de 6.267.492,00 euros, que se amosan insuficientes para o financiamento daqueles gastos, o que determina unha necesidade de financiamento adicional de 17.655.416,31 euros.

É dicir, os gastos non financeiros polo importe de 236.603.346,89 euros non son quen de atender os ingresos da mesma natureza non financeira, acadándose un déficit nos termos do TRLXEP, por importe de 17.655.416,31 euros, o que determina un desequilibrio en termos da normativa de estabilidade orzamentaria.

Para o sector local, o obxectivo de estabilidade presupostaria para o período 2010-

2012 quedou fixado no equilibrio financeiro, é dicir, que o resultado da capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento para as entidades locais será do 0,0 en porcentaxe do PIB para cada anualidade do período indicado anteriormente

En consecuencia co anterior, levouse á mesma sesión plenaria na que se aprobou inicialmente o orzamento, unha proposta de elaboración dun Plan Económico-Financeiro para acadar o equilibrio das contas nun prazo o máis curto posible.

O art. 19 do RD 1463/2007, establece que procederá a elaboración dun Plan Económico-Financeiro cando o resultado da avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria efectuado pola Intervención Xeral da Administración do Estado ou o realizado pola Intervención da Entidade Local, na forma establecida no artigo 16, sexa de incumprimento do obxectivo individual para cada unha das entidades locais ás que se refire o art. 5 o obxectivo de equilibrio ou superávit establecido para as restantes entidades.

O obxecto fundamental deste Plan Económico-Financeiro, é determinar cales son as posibilidades financeiras do Concello de Vigo, para dar resposta ao programa de actuacións públicas que o goberno local vai realizar na cidade de Vigo no exercicio 2010-2012

Contido do PEF: O contido do Plan Económico-Financeiro está regulado no art. 20 do RD 1463/2007, debendo ter como mínimo a seguinte información:

Relación de entidades dependentes, recollida no art. 2 do REPL, con mención expresa á forma xurídica, participación total ou parcial, directa ou indirecta e delimitación sectorial de cada unha delas de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

O informe de avaliación do incumprimento do obxectivo de estabilidade emitido polo órgano competente (Interventor Xeral Municipal), recollido no art. 16 do Regulamento.

Información de ingresos e gastos, a nivel de capítulo, do presuposto ou, no seu caso, da liquidación presupostaria aprobada con desequilibrio, e as proxeccións presupostarias de ingresos e gastos do exercicio ou exercicios posteriores ata alcanzar o reequilibrio, cun máximo de tres anos.

As proxeccións presupostarias incluírán, no seu caso, as previsións de inversión e a súa proposta de financiamento.

A información anterior consolidarase e conterá por separado e individual que permita verificar a agregación das diferentes entidades dependentes integradas e os correspondentes axustes de consolidación.

Explicación individual dos axustes practicados ás previsións presupostarias de ingresos e gastos, en cada un dos anos de vixencia do plan, ao obxecto de adecuar a información presupostaria aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, cando resulte procedente.

Memoria explicativa das variacións interanuais nas previsións de ingresos e gastos,

con indicación das actividades e medidas concretas a adoptar en cada exercicio e os efectos económicos destas no propio exercicio e nos sucesivos ata a finalización do plan.

A entidade local poderá completar a información anterior con outra relevante que, na súa opinión, poida ter incidencia na consecución do reequilibrio.

Para a elaboración do PEF, achegouse á consultora a documentación seguinte: Un escenario de endebedamento e dos custos financeiros e carga financeira a tres anos tendo en conta a nova operación proxectada. O plan de amortización anual e os custos financeiros para o citado período. As porcentaxes de recadación e recoñecemento de obrigas do último presuposto liquidado e do ano anterior, tanto da entidade como dos estados consolidados, cadros comparativos da execución dos estados de gastos e ingresos dos últimos cinco anos, porcentaxes de variación. O cadro de débeda. A relación de entidades dependentes e a porcentaxe que representa a transferencia da Entidade Local sobre os ingresos totais de cada un dos presupostos. O aforro neto económico, o aforro neto legal, o resultado presupostario, o remanente de tesourería e outra información necesaria para o desenvolvemento dos traballos que se obtén da liquidación e da Conta Xeral correspondente ao ano 2007-2008, que se atopa na información económica da páxina web do Concello de Vigo e que forma parte da documentación que conforma este expediente.

O PEF que se presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, contén todas as previsións legais pero ademais ten en conta tanto na avaliación futura dos gastos como nas previsións de ingresos as proxeccións das variacións tanto locais coma as nacionais.

Segundo as estimacións económicas do goberno español, as cales están incluídas no programa de estabilidade 2009-2013 publicado polo Ministerio de Economía e Facenda, prevese un aumento do PIB en termos reais do 1,8% para o ano 2011 e o 2,9% para 2012. Nesta mesma publicación estímase que o comportamento económico da variable inflación vai ser do 1,5% para o exercicio 2011, e o 2% para 2012.

Nas previsións de ingresos que están suxeitas a unha actividade económica suxeitáronse as previsións de variación de PIB, e nos demais ingresos sempre se tiveron en conta as previsións internas que, nalgúns casos, parten dunha situación xa moi axustada, tal é o caso do imposto sobre construcións instalacións e obras ou do incremento de valor do terreos de natureza urbana. En canto aos ingresos por cesión de tributos do Estado as previsións suxeitáronse ao PIB nominal, débese ter en consideración que a base sobre a que se parte é moi baixa, xa que como se sabe, os ingresos do Estado sufriron este ano unha caída moi importante, polo que as previsións que se fan, están moi por debaixo dos ingresos que se tiveron nos anos precedentes. Para os ingresos previstos por prezos públicos, taxas e para os patrimoniais, prevese un crecemento do 5 por 100 anual, aínda que o seu detalle individualizado desenvólvese no PEF a partir da páxina 67, establecendo o documento a partir da páxina 97 o resumo de todas as variacións e a conformación dos orzamentos para o ano 2011-2012, así como o cálculo do aforro para o citado período e a consecución da estabilidade no ano 2012.

Os incrementos estimados relativos aos tributos locais son porcentualmente

inferiores aos incrementos do PIB en termos nominais para dito período, segundo as estimacións oficiais.

En canto á evolución dos gastos para o capítulo I, II e IV, estimase un aumento de acordo coas previsións do índice do prezos do consumo previsto polo Ministerio de Economía e Facenda para o período que abrangue o Plan Económico-Financeiro, é dicir, 1,5% para o exercicio 2011 e 2% para o exercicio 2012

En canto ao capítulo III, as variacións dos custos financeiros se aplican os tipos de xuros previstos para a totalidade das operacións vivas.

O índice de endebedamento do Concello de Vigo ao peche do ano 2009 é do 19,09 por 100 sobre os recursos liquidados por operacións correntes que se deducen dos estados consolidados, sendo o límite legal previsto, que este porcentaxe sexa inferior ao 110% dos ingresos correntes liquidados deducidos dos estados consolidados (artigo 53.2 do TRLRFL), para o presente exercicio este límite elevouse ao 125%. O endebedamento per cápita non supera os 157 euros, o que pon de manifesto a boa saúde financeira e presupostaria do Concello.

Ademais, sen entrar no detalle das cifras que xa figuran no PEF, así como aquelas outras que non están por corresponderse coa liquidación do ano 2009, se tomamos en consideración as variables máis salientables como: o aforro bruto, aforro neto, o Remanente de Tesourería, o resultado orzamentario, todas presentan un saldo positivo e unhas marxes moi importantes.

A relación da débeda financeira cos recursos correntes ten un valor que está moi por debaixo tanto do máximo legal, como da media de outros Concellos. Este coeficiente de endebedamento ó rematar o período que abrangue o Plan Económico-Financeiro, é similar ó que tiña o Concello no exercicio 2006.

É importante salientar que o Plan económico que se presenta para a súa aprobación ao Pleno da Corporación, non ten a súa orixe nunha necesidade de financiamento por un desequilibrio permanente ou conxuntural entre os ingresos non financeiros e os gastos non financeiros, senón nunha necesidade puntual que se traduce na concertación dunha operación de crédito por un importe superior á débeda que se amortiza no ano 2010.

As medidas incluídas neste Plan Económico-Financeiro cumpren debidamente coas esixencias da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, adoptando as medidas previstas no plano económico (a nivel de xestión ou de carácter tributario, financeiro e orzamentario), observando os límites que para a autonomía financeira municipal se establecen no TRLRFL -aforro neto e nivel de endebedamento- garantindo o cumprimento do obxectivo de acadar a estabilidade orzamentaria nun período de dous exercicios (2011-2012) e establecendo unhas previsións da evolución en ingresos acordadas ás variacións estimadas a nivel nacional e as propias previsións internas e a evolución do gasto, acomodarse ás variacións do IPC previsto para o período.

De conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria (agora Texto Refundido aprobado

polo Real Decreto Legislativo 2/2007), a aprobación do plan económico-financeiro correspóndelle ó Pleno da Entidade Local, que poderá realizarse na mesma sesión ca correspondente á aprobación do presuposto mediante acordo específico e separado do de aprobación do presuposto ou noutra sesión plenaria. En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do plan é de tres meses a contar dende a aprobación do presuposto xeral.

En cumprimento do previsto no art. 22 do RD 1463/2007, a Entidade Local remitirá o plan económico-financeiro á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, por ser esta a que ostenta a tutela financeira, nun prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a aprobación do mesmo polo Pleno da Corporación. O órgano da Comunidade Autónoma será o competente para a aprobación do plan, una vez cumprido este requisito, se fose o caso, o acordo será notificado por escrito á Entidade Local, quedando a partir de esa data expedita a posibilidade de concertar a operación de préstamo prevista no presuposto.

En consecuencia co anterior, propónse ao Pleno da Corporación, en cumprimento do regulamentado no art. 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria (agora Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2007).”

A seguir a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 31 de marzo, emite informe relativo á anterior proposta do xeito que segue:

“Con data do 2 de febreiro do 2009, polo funcionario que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, emitiuse informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria na fase de aprobación inicial dos Orzamentos Xerais deste Concello para o actual ano 2010. No indicado informe e no apartado de conclusións, sinalase o seguinte:

“9.- CONCLUSIÓN.

Da definición legal dedúcese que o obxectivo que persegue o TRLGEP é que os investimentos e os gastos correntes deben ser atendidos con ingresos non financeiros; xa que logo os recursos procedentes do endebedamento haberán de financiar por regra xeral adquisicións de activos financeiros ou amortización de pasivos financeiros.

Por conseguinte, o grupo local Concello de Vigo, non alcanza o obxectivo de estabilidade presupostaria fixado para o período de referencia nesta fase en que se verifica a avaliación de tal cumprimento, que é a aprobación dos Orzamentos Xerais do exercicio económico de 2010 e por conseguinte deben adoptarse as medidas correctoras da situación de desequilibrio producida. Tal incumprimento verificase no orzamento municipal, isto é, no correspondente á entidade matriz, pola marxe ou necesidade de financiamento en termos de SEC referido no apartado anterior,

alcanzando o resto de entes dependentes que integran o grupo local o obxectivo de estabilidade vixente para a anualidade 2010 ao atoparse equilibrados.

Polo tanto, en aplicación do artigo 22 TRLGEP, o Concello de Vigo, ven obrigado a elaborar no prazo máximo de tres meses, un plan económico-financeiro de corrección do desequilibrio producido (PEF), contados a partir do inicio do ano seguinte ao que se poña de manifesto o desequilibrio, por conseguinte 2011-2013.

O PEF é un documento formal e numérico que incorporará un compromiso aprobado polo Pleno da Corporación, de non superar o déficit máximo que resulta das previsións presupostarias nos anos intermedios e de liquidar, polo menos, en equilibrio no último ano da súa vixencia que non poderá exceder, como deixamos indicado, de tres anos.

Neste plan recolleranse as actividades a realizar e as medidas a adoptar en relación coa regulación, execución e xestión dos gastos e dos ingresos, que permitan garantir o retorno a unha situación de estabilidade presupostaria, nos termos e co alcance previsto no artigo 20 do REL.

No caso de que o PEF se someta á aprobación do Pleno na mesma sesión que a aprobación definitiva do Orzamento Xeral, caso de ser esta necesaria, requirirá de acordo específico e separado.

En todo caso o prazo máximo de tres meses para a aprobación do PEF, é a contar dende a aprobación do Orzamento Xeral.

Unha vez aprobado o Plan a verificación do seu cumprimento realizarase, durante o prazo da súa vixencia, con carácter anual, mediante informe relativo ao cumprimento a evacuar pola Intervención local, en cada unha das fases de aprobación, modificación e liquidación do orzamento, dándose coñecemento ao Pleno de devandito informe na sesión informativa correspondente.

Do devandito informe darase traslado pola Corporación, como xa se indicou anteriormente, ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo, así mesmo sinalado.

O PEF quedará sen efecto por acordo do Pleno, cando se alcance o equilibrio en fase de liquidación, sen prexuízo de que transcorra o horizonte temporal para o cal foi inicialmente previsto.

Darase a estes plans a mesma publicidade, a efectos exclusivamente informativos, que a establecida polas leis para os orzamentos da entidade. (Artigo 23.3 TRLGEP Regulamento)

Aos mesmo efectos informativos unha copia do PEF deberá atoparse a disposición do público dende a súa aprobación polo Pleno da Corporación e polo órgano autonómico, ata a finalización da vixencia do plan (artigo 26.2 Regulamento)".

Remítese agora a esta Intervención Xeral documento do Plan Económico-Financeiro, acompañado de proposta para a súa elevación ao Pleno da Corporación, subscrita pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda.

Do exame da documentación que conforma o expediente de Plan económico-financieiro, conséntase, en termos xerais, a observancia da documentación formal e información mínima, enunciada no artigo 20 do Real Decreto 1463/2007 do 2 de novembro, Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade presupostaria, isto é:

- Relación de entidades dependentes.
- Informe de avaliación do incumprimento, o cal xa emitido debe ser incorporado ao expediente.
- Ingresos e gastos, por capítulos da liquidación ou orzamento, en desequilibrio, e as proxeccións presupostarias no seu período de vixencia.
- As previsións de investimento e o seu financiamento.
- Memoria explicativa variacións interanuais.
- Explicación individual dos axustes SEC-95 en cada un dos anos.
- Plan consolidado e axustes consolidación.

Así en efecto, formalmente o Plan que se somete á consideración do Pleno da Corporación, nunha primeira parte recolle toda unha serie de información para mostrar a situación económico-financieira actual desta Administración Municipal e información acerca das razóns que determinaron o desequilibrio producido e a necesidade da elaboración do mesmo.

Nesta primeira parte de diagnóstico da situación económico-financieira e partindo da liquidación dos gastos e ingresos do ano 2008, do Estado da débeda financeira e do Estado do Remanente de Tesourería, efectúase o diagnóstico en base a unha análise presupostaria derivada do estudo da estrutura dos ingresos e gastos e a súa comparación cos datos doutros Concellos, así como as principais magnitudes presupostarias: Resultado presupostario, aforro bruto, aforro neto presupostario e a carga financeira; avalíase o grao realización de ingresos e gastos, en orde a examinar a eficacia recadatoria e pagadora desta Administración municipal a través da porcentaxe de ingresos e pagos sobre dereitos e obrigacións recoñecidas, analízase igualmente o nivel de endebedamento municipal e o estado do Remanente de Tesourería.

Os resultados e conclusións derivados da análise e que se recollen no documento, non son descoñecidos para esta administración municipal, na medida en que son os xa reflectidos nos informes e estados contables e económico-financieiros elaborados por esta Intervención Xeral con ocasión da liquidación do orzamento do exercicio 2008 e a Conta Xeral do devandito ano, cuxa elaboración e formación corresponde a esta Intervención Xeral.

Igualmente recóllese unha análise do proxecto de orzamento do exercicio 2010 e a partir del analízanse as causas do desequilibrio producido en termos de estabilidade presupostaria que determina a necesidade de elaboración e aprobación do Plan que se somete á consideración do Pleno da Corporación. Causas de desequilibrio, respecto das cales remítome ao informe de avaliación emitido no seu momento e que debe incorporarse a este expediente.

Inclúe a continuación o plan unha proxección respecto do horizonte temporal que abrangue 2011-2012, respecto dos efectos que as estimacións que contén en

relación á execución dos gastos, execución dos ingresos, aforro bruto e neto, nivel de endebedamento e percorrido de nivelación presupostaria.

Respecto das estimacións de crecemento futuro de ingresos e gastos o PEF proposto descansa nas estimacións que a nivel nacional se conteñen no programa de estabilidade 2009-2013 publicado polo Ministerio de Economía e Facenda sobre o comportamento da taxa de inflación nos dous exercicios económicos que agrangue o PEF e similares consideracións se conteñen para as estimacións e predición das cifras dos ingresos, as cales se referencian en termos xerais a “as perspectivas actuais e futuras dunha recuperación da economía tanto nacional como internacional” e ás cifras oficiais referidas, polo que respecta á imposición propia, e no caso da participación nos ingresos do Estado, ademais, ás actuacións de financiamento “ponte” que en tanto non se aprobe un novo marco regulador do financiamento local está o goberno levando a cabo e que se espera continúen no futuro. Inclúense, así mesmo, toda unha serie de medidas e hipóteses en materia de gastos, xestión tributaria, coordinación e seguimento da actividade económica-financieira dos entes dependentes e de xestión do orzamento, que na miña opinión o desexable sería que se enunciases cunha maior concreción, dado que no plano teórico non cabe ningunha dúbida de que a súa adopción e posta en práctica con carácter de xeneralidade resulta o desexable e aconsellable aos efectos dunha eficaz e eficiente xestión dos recursos públicos.

En definitiva, considero que estas estimacións son as características das técnicas presupostarias incrementalistas, que nunha perspectiva teórica presentan como principal vantaxe a súa simplicidade e o seu escaso soporte técnico e como principais defectos a difícil adaptación a circunstancias cambiantes, a súa falta de análise sistemática das actividades xa iniciadas e a defectuosa asignación de recursos para actividades de carácter discrecional.

Para rematar, recolle o PEF proposto unha serie de cadros resumen que mostran o percorrido para conseguir a nivelación presupostaria e en consecuencia a volta ao equilibrio en termos de estabilidade presupostaria, no horizonte temporal para o que está deseñado: 2011-2012.

O PEF quedará sen efecto se se liquida en equilibrio en termos de estabilidade antes de esgotar a súa vixencia, non podendo aprobarse un PEF se hai outro en vigor por un incumprimento anterior.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 6 de abril, ditamina favorablemente a proposta citada da concelleira de Economía e Facenda.

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e

máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e once votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- En cumprimento do regulamentado no art. 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria (agora Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2007), aprobar o Plan Económico-Financeiro para o período 2011-2012, prevéndose de acordo as hipóteses de traballo formuladas a consecución do equilibrio no ano 2012.

Segundo.- En cumprimento do previsto no art. 22 del RD 1463/2007, remitir o Plan Económico-Financeiro á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, por ser esta a que ostenta a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días a partir da súa aprobación.

Terceiro.- A verificación do cumprimento do Plan Económico-Financeiro aprobado, efectuarase pola entidade local. A tal efecto o Sr. Interventor Xeral Municipal emitirá informe anual relativo ao cumprimento do mesmo nas diferentes fases de aprobación, execución ou liquidación do presuposto, que se porá en coñecemento do Pleno da Corporación. Do devandito informe, unha vez que sexa coñecido polo Pleno, trasladarase ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Cuarto.- O Pleno da Corporación deixará sen efecto o Plan Económico-Financeiro que alcanzase o equilibrio en fase de liquidación, aínda que non se tivera rematado o horizonte temporal inicialmente previsto.

O expediente consta de 154 folios debidamente numerados e dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno.

A PRESIDENCIA: Sr. Font, ten vostede a palabra durante cinco minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde. Vostede está desvirtuando completamente o debate.

A PRESIDENCIA: Aplico o Regulamento, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Non imos aceptar a súa prepotencia e arrogancia. Como xa votamos e cumprimos co noso traballo, ímonos.

Neste intre, sendo as once horas e cinco minutos, o Grupo municipal do partido Popular abandona o salón de Plenos.

A PRESIDENCIA: Esta é unha proba da democracia do Grupo Popular que non acata o Regulamento. O Grupo Socialista non fixo intervención como grupo e o Regulamento di que cando un grupo non intervén na súa quenda pode pedir a palabra para explicación de voto o que por certo fixo o Grupo Popular en bastantes ocasións. Cando fala o Grupo Popular o Grupo Socialista e o Grupo do BNG permanecen sentados atendendo ás normas democráticas; cando fala o Grupo Socialista e o do Bloque, o Grupo Popular nunha mostra manifesta antidemocrática érguese e abandona o Pleno. Por certo, é a cuarta vez nesta lexislatura que abandona o Pleno. Sr. López Font, ten a palabra por cinco minutos para explicación de voto.

Explicación de voto do voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font:

Solicitei a palabra no nome do Grupo municipal Socialista como explicación de voto, tal e como manifestou o Alcalde nestes momentos, coma o viu facendo reiteradamente o Partido Popular. Coido que ra necesario que o Grupo municipal Socialista dera ós cidadáns, non ós concelleiros do Partido Popular porque xa vexo o concepto de democracia que teñen, unha explicación de por que apoia estes orzamentos que se acaban de aprobar.

Certamente hoxe é un día importante para a cidade de Vigo, acabamos de aprobar un orzamento de 41.000 millóns de pesetas, son 246 millóns de euros pero así os cidadáns o entenden mellor. É moi importante dicir e a cidadanía ten que saber que son os terceiros orzamentos aprobados cando este goberno non leva aínda nin tres anos gobernando. Os terceiros orzamentos aprobados máis unha modificación orzamentaria que tivemos que facer para cubrir a débeda do Partido Popular no anterior goberno ós poucos meses de gobernar. Polo tanto case se pode afirmar que este é o noso cuarto orzamento.

Isto non o fixo ningún goberno. Hai pouco se cumprían trinta anos da democracia nos

concellos de España e ningún goberno desta cidade conseguiu aprobar tres orzamentos e aprobalos de xeito consecutivo. Hoxe é un día importante porque estamos diante da maior manifestación de estabilidade dun goberno desta cidade porque hai que dicir que precisamente esa estabilidade é a que nunca tiveron os gobernos anteriores e os orzamentos son os que se presentan, son o retrato e a manifestación política do que cada goberno quere facer e iso é o que fixemos durante estes tres anos. Só vale esa alternativa e só valería outra alternativa por parte da oposición do Partido Popular. Pero non só fixemos eses tres orzamentos, senón que xestionamos correctamente en beneficio dos cidadáns e dentro da legalidade absoluta os dous anteriores.

Dicíase esta mañá aquí que os orzamentos son o instrumento de acción política dun goberno e este é o orzamento máis ambicioso desta cidade. No peor momento de situación económica en trinta anos de democracia nos concellos este é o orzamento máis ambicioso.

O que non vale é falar de amigos e de cuestións menores, aquí a oposición debería vir, como ben indicaba o tenente de alcalde, dicirlles ós cidadáns que se debería facer con estes 41.000 millóns de pesetas. Que abordamos? A prioridade dos cidadáns. Xa non é a prioridade do goberno humanizar as rúas, xa non é a prioridade política deste goberno aínda que si porque recollemos o sentir cidadán, os cidadáns pretenden que humanicemos esta cidade completa, non só as dúas ou tres rúas do centro, senón o resto das rúas de todos os barrios desta cidade e do rural como estamos a facer nestes momentos.

Incrementamos un gasto social e, a iso non contesta o Partido Popular. Abordamos temas educativos con bolsas como xamais se fixo aquí e tamén o tema do emprego. O tema do emprego; dicíao na última intervención a concellería de Facenda e débeno coñecer todos os cidadáns desta cidade que as políticas de emprego correspóndenlle á Xunta de Galicia. Cando se fala de parados nesta cidade os hai que imputar ó Sr. Núñez Feijóo e en todo caso ás súas malas políticas de creación de emprego nesta cidade porque o primeiro do primeiro que se ten que decatar o Partido Popular é de que o Sr. Núñez Feijóo é o presidente da Xunta e as competencias en materia de emprego están transferidas e só a el lle corresponden.

O que ocorre é que hoxe na aprobación definitiva, como anteriormente na aprobación provisional vimos debater que propoñemos cada quen e a postura do goberno está no documento dos orzamentos e no do Plan económico-financeiro. Hoxe todos os que

nos viron e en todas as informacións que se recolleran deste Pleno o único que poderán dicir é que o Partido Popular non tivo nin unha soa alternativa a como se deberían gastar os diñeiros.

Este orzamento ten a mellor combinación nos tres eixos. En primeiro lugar de investimento que permita a transformación da cidade. A cidade xa se transformou e este orzamento vai axudar a seguir na senda desa transformación. O segundo eixo é o de atención as políticas sociais. En épocas de crise este goberno non só non abandona ós cidadáns desta cidade máis necesitados, senón que dentro do difícil que é facer un orzamento precisamente o que fai é incrementar o gasto social. O terceiro eixo deste orzamento é o que provén dos dous anteriores e é unha boa xestión.

Estamos diante dunha boa xestión de goberno. Nos concellos de España de máis de 50.000 habitantes hai unha clasificación dos máis endebedados e teño aquí o gráfico onde se ve moi ben que o encabeza o Concello de Madrid con 2.109 euros por habitante. Pero hai outra clasificación que teñen que coñecer os cidadáns de Vigo que é a dos concellos máis saneados de España e nela Vigo dentro das grandes cidades é o primeiro, porque o primeiro sería Bilbao pero ten un réxime especial.

Estes tres eixos de investimento para transformar a cidade, de atención a políticas sociais e de boa xestión é o que realmente fai que este orzamento sexa o que vai crear o futuro da cidade de Vigo, enlaza os tres anos anteriores dunha xestión magnífica cun proxecto de futuro de tres anos sobre o que o Partido Popular non deu ningunha alternativa.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e catorce minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.

